



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 20
23 de setembro de 2020

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

I 1734 (11/PRE-000171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da existencia na Escola Fogar de Sarria das condicións axeitadas para o seu uso como centro educativo, a suficiencia das obras previstas no Colexio de Educación Infantil e Primaria Frei Luis de Granada para resolver os problemas estruturais que presenta e a necesidade dun novo centro na vila

[5648](#)

I 1739 (11/PRE-000172)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de suprimir nas actuais circunstancias sanitarias unha unidade de educación infantil no Colexio de Educación Infantil e Primaria Salgado Torres, da Coruña, así como a súa incidencia no cumprimento das recomendacións ao respecto

[5651](#)

I 1750 (11/PRE-000173)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha valoración do impacto económico que supón para as familias a adquisición das máscaras necesarias para a asistencia dos seus fillos aos centros educativos e a posibilidade da súa adquisición polas consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Política Social para o seu uso no ámbito escolar

[5655](#)

I 1758 (11/PRE-000174)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a opinión do Sergas referida á posibilidade de mellorar o tratamento dos doentes coa enfermidade pulmonar obstrutiva crónica e as previsións ao respecto

[5657](#)

I 1774 (11/PRE-000175)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 3 máis

Sobre a xestión da Consellería de Política Social en relación co impacto da covid-19 nas residencias de persoas maiores, nomeadamente nas do Incio e Outeiro de Rei

[5659](#)

I 1776 (11/PRE-000176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Díaz Varela, Noa Susana e Abelairas Rodríguez, María Isaura

Sobre a data prevista pola Corporación Radio e Televisión de Galicia para o sometemento ao trámite de elección por parte do Pleno do Parlamento de Galicia do director ou da directora xeral desa corporación

[5661](#)**I 1781 (11/PRE-000177)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as razóns da demora do Goberno galego na elaboración do proxecto para a rexeneración dos bancos marisqueiros da ría de Pontevedra e a dragaxe do río Lérez, así como as súas previsións referidas á súa dotación orzamentaria para o ano 2021 e mais a súa axilización

[5663](#)**I 1787 (11/PRE-000178)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a imposición polas entidades bancarias de cláusulas abusivas aos consumidores financeiros, en concreto no que atinxe o cobramento por Abanca de comisións de mantemento de xestión por un importe de cincuenta euros semestrais

[5665](#)**I 1793 (11/PRE-000179)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre os datos do Goberno galego referidos ao posible impacto da fusión de CaixaBank e Bankia no emprego de Galicia e no seu mercado crediticio e hipotecario, a súa posición en relación coa concentración bancaria e a redución da oferta financeira, e as medidas previstas respecto da exclusión financeira que padece a cidadanía en moitos concellos galegos

[5668](#)**I 1798 (11/PRE-000180)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia, no risco de contaxio e no cumprimento dos protocolos sanitarios de prevención da covid-19, da actual distribución por aulas do alumnado de Educación Infantil no CEIP do Xurés, en Lobios

[5670](#)**I 1836 (11/PRE-000181)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre o prazo e o orzamento previstos para dotar de accesibilidade os albergues da rede pública da Xunta de Galicia para as persoas en cadeira de rodas

[5673](#)**I 1843 (11/PRE-000182)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre os datos referidos ás actuacións de mellora previstas polo Goberno galego no albergue de Arca, no concello do Pino

[5675](#)

I 1847 (11/PRE-000183)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a valoración que fai o Sergas do funcionamento do sistema de decisión respecto da realización das probas PCR á poboación e da súa notificación, así como os datos ao respecto [5678](#)

I 1854 (11/PRE-000184)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca de Sarria e da necesidade dun consultorio médico na parroquia de Oural [5680](#)

I 1860 (11/PRE-000185)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis**

Sobre o funcionamento do servizo de atención ás emerxencias sanitarias no caso do atropelo sufrido o día 12 de setembro de 2020 por unha veciña na localidade de Sarria, así como a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia na comarca dos servizos sanitarios e dos medios para a atención das emerxencias sanitarias que hai [5682](#)

I 1863 (11/PRE-000186)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Abelairas Rodríguez, María Isaura**

Sobre a información emitida o día 12 de setembro de 2020 no Telexornal Mediodía da TVG en relación coas causas do atraso no inicio das clases no ensino secundario [5684](#)

I 1913 (11/PRE-000187)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis**

Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia das cantidades endebedadas pola estación de montaña de Manzaneda ás familias do alumnado do CEIP Ramón Cabanillas, de Santiago de Compostela, que tiveron que cancelar a excursión de fin de curso debido á pandemia, así como a actuación que vai levar a cabo respecto do seu pagamento [5686](#)

I 1917 (11/PRE-000188)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 3 máis**

Sobre a situación xerada pola redución de servizos na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo a consecuencia da pandemia da covid-19, as previsións do Goberno galego respecto da súa abordaxe na comisión creada co Ministerio de Fomento e Renfe, así como a exixencia de medidas concretas para solucionar as súas deficiencias estruturais e, nomeadamente, a reposición dos servizos suprimidos [5688](#)

I 1924 (11/PRE-000189)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre o balance que fai o Goberno galego do desenvolvemento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 no referido ao Obxectivo transversal 3, Dinamización demográfica, e a súa disposición en relación co impulso dun cambio de estratexia nas políticas públicas de emprego, de conciliación e nas de política social e de igualdade de xénero, así como nas de corresponsabilidade [5692](#)

I 1931 (11/PRE-000190)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a execución orzamentaria da partida ou partidas destinadas ao plan da Consellería do Medio Rural para fixar poboación no rural, para os anos 2017-2019, nos seus anos de vixencia, a valoración que fai o Goberno galego do cumprimento de cada un dos eixes dese plan e as razóns da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para deixar sen executar case trece millóns de euros da partida destinada ao Programa 712 [5694](#)

I 1938 (11/PRE-000191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre a necesidade de incluír as parroquias do rural do concello de Viveiro e o polígono industrial de Landrove no Plan de banda larga de Galicia 2020 [5696](#)

I 1943 (11/PRE-000192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre os datos referidos aos incendios forestais rexistrados no Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés desde o 1 de xaneiro de 2016 ata a actualidade, a coordinación que se está a desenvolver entre a Consellería do Medio Rural e a Administración portuguesa competente na materia, así como os medios de prevención empregados nese período [5699](#)

I 1949 (11/PRE-000193)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do investimento de recursos humanos e materiais levado a cabo para un estudo serolóxico autonómico en relación coa covid-19 que non ofreceu resultados, as razóns da demora na presentación dos definitivos e os datos referidos á elaboración dese estudo [5702](#)

I 1955 (11/PRE-000194)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre a opinión da Consellería de Emprego e Igualdade respecto da procedencia dos criterios de desconto aplicados nas nóminas do persoal técnico do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais dos grupos A1 e A2 a consecuencia da folga indefinida convocada dende o 1 de agosto de 2020 [5704](#)

I 1969 (11/PRE-000195)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 3 máis



Sobre o alcance dos lumes rexistrados na provincia de Ourense na segunda fin de semana do mes de setembro e a xestión da Consellería do Medio Rural ao respecto [5709](#)

I 1975 (11/PRE-000196)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida ao baixo nivel de execución que presentan ano tras ano as partidas destinadas ao fomento do emprego, así como as súas previsións respecto da elaboración dun plan de emprego para Galicia e a súa dotación orzamentaria para o ano 2021 [5715](#)

I 1978 (11/PRE-000197)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do cumprimento do Obxectivo transversal 4, Cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural, correspondente ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, e a execución orzamentaria de cada unha das catro estratexias definidas nese obxectivo, así como dos principios horizontais [5718](#)

I 1984 (11/PRE-000198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego respecto da situación das Pontes como consecuencia do anuncio do adiamento do peche da central térmica, a valoración que fai das previsións de recorte dos fondos europeos para a transición enerxética e as demandas presentadas ante as institucións europeas para evitar que Galicia saia prexudicada [5720](#)

I 1991 (11/PRE-000199)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abelairas Rodríguez, María Isaura e 4 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do feito de que Galicia sexa unha das comunidades autónomas onde aínda non se lexislase de xeito máis completo en materia de protección de menores e adolescentes transexuais, así como as medidas adoptadas para o cumprimento nos centros de infantil e primaria do Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non-discriminación e a liberdade de identidade de xénero [5724](#)

I 1994 (11/PRE-000200)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as deficiencias existentes no ámbito educativo no concello de Culleredo [5726](#)

I 1997 (11/PRE-000201)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego respecto do estado de abandono en que se atopan as reses existentes nun terreo do concello de Mugardos cuxo coidado foi asumido pola Xunta de Galicia por medio da empresa Tragsa [5731](#)



I 2001 (11/PRE-000202)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coas deficiencias existentes na atención que se está a prestar nos centros de saúde do concello de Arteixo e as medidas previstas ao respecto [5734](#)

I 2005 (11/PRE-000203)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao posible recorte de servizos, que na actualidade realizan as ambulancias, no novo concurso para a prestación do servizo de transporte sanitario terrestre non urxente e, en particular, ao establecemento da posibilidade de realizar traslados para diálise, determinados tratamentos e/ou rehabilitacións en taxis e/ou vehículos de transporte con condutor (VTC) [5738](#)

I 2012 (11/PRE-000204)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar no concello de Antas de Ulla, así como da incidencia do anuncio da construción dun novo centro de saúde, na garantía da calidade asistencial de xeito inmediato [5741](#)

I 2017 (11/PRE-000205)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das demandas referidas ás deficiencias existentes no espazo que ocupa na actualidade a Escola de Educación Infantil de Antas de Ulla, da rede Galiña Azul, así como sobre o prazo previsto para a realización das actuacións necesarias para a súa resolución [5743](#)

I 2030 (11/PRE-000206)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre as previsións do Sergas referidas ao restablecemento da atención presencial nos consultorios médicos de Paradela, no concello de Meis, e de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, así como sobre a atención pediátrica no de Meis, e sobre a súa opinión respecto da calidade da atención sanitaria que estes están prestando [5746](#)

I 2034 (11/PRE-000207)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento do obxectivo fixado para o ano 2020, no que atinxe á cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a súa reutilización e reciclaxe, as súas intencións referidas ao impulso dun gran acordo en materia de tratamento de residuos urbanos e, nomeadamente, para o fomento da compostaxe dos biorresiduos, así como as medidas previstas ao respecto [5749](#)



I 2049 (11/PRE-000208)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, así como coa Estratexia galega de acción exterior

[5754](#)**I 2065 (11/PRE-000209)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e González Iglesias, María do Carme**

Sobre a normativa vixente para o sector do marisqueo a pé, en concreto para as traballadoras do sector, en materia de medidas de prevención para afrontar a crise sanitaria xerada pola covid-19, no que atinxe ao uso de máscara

[5758](#)**I 2072 (11/PRE-000210)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración da axenda urbana galega 2030

[5762](#)**I 2078 (11/PRE-000211)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre as razóns da demora no inicio das obras no CEIP nº 1 de Melide, así como as razóns de carácter pedagóxico existentes para non desdobrar a unidade de 3º de Primaria e non dotala dun coidador ou coidadora para atender o alumnado con necesidades educativas especiais

[5765](#)**I 2095 (11/PRE-000212)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para xuntar as aulas de menos de 15 alumnos e aumentar deste xeito as ratios de alumnos por aula, en contra das recomendacións das autoridades sanitarias e da OMS, así como para suprimir en plena pandemia da covid-19 un dos grupos de 4º de Infantil no CEIP Barcelos, de Pontevedra

[5768](#)**I 2103 (11/PRE-000213)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria prestada á veciñanza do concello de Meis durante os meses de verán, así como as súas previsións referidas á resolución das carencias de persoal nos centros sanitarios

[5771](#)**I 2105 (11/PRE-000214)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla**

Sobre o número de persoas que se atopan na actualidade en Galicia na listaxe de espera para percibir unha prestación de dependencia, o cumprimento polo Goberno galego dos prazos legalmente establecidos para a tramitación dos expedientes e as medidas previstas ao respecto

[5773](#)

I 2112 (11/PRE-000215)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a posición do Goberno galego en relación coa petición pola Avogacía do Estado da execución provisional da sentenza referida ao pazo de Meirás, a realización dalgunha valoración xurídica e dalgunha xestión ao respecto, así como as súas previsións no que atinxe ao estudo xunto co Concello de Sada e a Deputación provincial da Coruña da formula máis axeitada para a súa posible xestión pública

[5776](#)**I 2117 (11/PRE-000216)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da sanción referida ao día 9 de maio de 2019 e aplicada á confraría de Rianxo pola tenencia de ameixa babosa de talla non regulamentaria, no que atinxe á súa adaptación á normativa publicada e a súa correspondencia cos feitos, así como as actuacións previstas en función do proceso xudicial posto en marcha e o recurso presentado pola confraría

[5780](#)**I 2120 (11/PRE-000217)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo ou as previstas polo Goberno galego para coñecer a procedencia e evitar as verteduras que veñen producindo no lugar de Couso, na parroquia de Aguiño, no concello de Ribeira

[5782](#)**I 2130 (11/PRE-000218)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitarlles aos traballadores do mar o teren que facer en centros privados os cursos de mantemento da competencia dirixidos á renovación ou obtención do certificado de suficiencia, así como o seu custo, e as que vai a desenvolver para que esta poida ser pública e gratuíta no ano 2021

[5786](#)**I 2137 (11/PRE-000219)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla**

Sobre os datos referidos ao cribado para previr a covid-19 anunciado polo Goberno galego entre o persoal e persoas usuarias das residencias de maiores e centros de atención á discapacidade, así como as previsións respecto da súa ampliación a todos os servizos dependentes da Consellería de Política Social e a outros como o ensino e persoal sanitario

[5789](#)**I 2142 (11/PRE-000220)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego e as razóns da falta de execución orzamentaria que presentan no ano 2019 determinadas partidas do programa 141A que deixan aos concellos galegos sen 8.868.246,85 euros

[5792](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de setembro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite e publicación

- 1734 (11/PRE-000171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da existencia na Escola Fogar de Sarria das condicións axeitadas para o seu uso como centro educativo, a suficiencia das obras previstas no Colexio de Educación Infantil e Primaria Frei Luis de Granada para resolver os problemas estruturais que presenta e a necesidade dun novo centro na vila

- 1739 (11/PRE-000172)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de suprimir nas actuais circunstancias sanitarias unha unidade de educación infantil no Colexio de Educación Infantil e Primaria Salgado Torres, da Coruña, así como a súa incidencia no cumprimento das recomendacións ao respecto

- 1750 (11/PRE-000173)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha valoración do impacto económico que supón para as familias a adquisición das máscaras necesarias para a asistencia dos seus fillos aos centros educativos e a posibilidade da súa adquisición polas consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Política Social para o seu uso no ámbito escolar

- 1758 (11/PRE-000174)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a opinión do Sergas referida á posibilidade de mellorar o tratamento dos doentes coa enfermidade pulmonar obstrutiva crónica e as previsións ao respecto

- 1774 (11/PRE-000175)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 3 máis

Sobre a xestión da Consellería de Política Social en relación co impacto da covid-19 nas residencias de persoas maiores, nomeadamente nas do Incio e Outeiro de Rei

- 1776 (11/PRE-000176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Díaz Varela, Noa Susana e Abelairas Rodríguez, María Isaura

Sobre a data prevista pola Corporación Radio e Televisión de Galicia para o sometemento ao trámite de elección por parte do Pleno do Parlamento de Galicia do director ou da directora xeral desa corporación

- 1781 (11/PRE-000177)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as razóns da demora do Goberno galego na elaboración do proxecto para a rexeneración dos bancos marisqueiros da ría de Pontevedra e a dragaxe do río Lérez, así como as súas previsións referidas á súa dotación orzamentaria para o ano 2021 e mais a súa axilización

- 1787 (11/PRE-000178)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a imposición polas entidades bancarias de cláusulas abusivas aos consumidores financeiros, en concreto no que atinxe o cobramento por Abanca de comisións de mantemento de xestión por un importe de cincuenta euros semestrais

- 1793 (11/PRE-000179)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre os datos do Goberno galego referidos ao posible impacto da fusión de CaixaBank e Bankia no emprego de Galicia e no seu mercado crediticio e hipotecario, a súa posición en relación coa concentración bancaria e a redución da oferta financeira, e as medidas previstas respecto da exclusión financeira que padece a cidadanía en moitos concellos galegos

- 1798 (11/PRE-000180)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia, no risco de contaxio e no cumprimento dos protocolos sanitarios de prevención da covid-19, da actual distribución por aulas do alumnado de Educación Infantil no CEIP do Xurés, en Lobios

- 1836 (11/PRE-000181)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre o prazo e o orzamento previstos para dotar de accesibilidade os albergues da rede pública da Xunta de Galicia para as persoas en cadeira de rodas

- 1843 (11/PRE-000182)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre os datos referidos ás actuacións de mellora previstas polo Goberno galego no albergue de Arca, no concello do Pino



- 1847 (11/PRE-000183)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a valoración que fai o Sergas do funcionamento do sistema de decisión respecto da realización das probas PCR á poboación e da súa notificación, así como os datos ao respecto

- 1854 (11/PRE-000184)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca de Sarria e da necesidade dun consultorio médico na parroquia de Oural

- 1860 (11/PRE-000185)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre o funcionamento do servizo de atención ás emerxencias sanitarias no caso do atropelo sufrido o día 12 de setembro de 2020 por unha veciña na localidade de Sarria, así como a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia na comarca dos servizos sanitarios e dos medios para a atención das emerxencias sanitarias que hai

- 1863 (11/PRE-000186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Abelairas Rodríguez, María Isaura

Sobre a información emitida o día 12 de setembro de 2020 no Telexornal Mediodía da TVG en relación coas causas do atraso no inicio das clases no ensino secundario

- 1913 (11/PRE-000187)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia das cantidades endebedadas pola estación de montaña de Manzaneda ás familias do alumnado do CEIP Ramón Cabanillas, de Santiago de Compostela, que tiveron que cancelar a excursión de fin de curso debido á pandemia, así como a actuación que vai levar a cabo respecto do seu pagamento

- 1917 (11/PRE-000188)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 3 máis

Sobre a situación xerada pola redución de servizos na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo a consecuencia da pandemia da covid-19, as previsións do Goberno galego respecto da súa abordaxe na comisión creada co Ministerio de Fomento e Renfe, así como a exixencia de medidas concretas para solucionar as súas deficiencias estruturais e, nomeadamente, a reposición dos servizos suprimidos

- 1924 (11/PRE-000189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego do desenvolvemento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 no referido ao Obxectivo transversal 3, Dinamización demográfica, e a súa disposición en re-



lación co impulso dun cambio de estratexia nas políticas públicas de emprego, de conciliación e nas de política social e de igualdade de xénero, así como nas de corresponsabilidade

- 1931 (11/PRE-000190)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a execución orzamentaria da partida ou partidas destinadas ao plan da Consellería do Medio Rural para fixar poboación no rural, para os anos 2017-2019, nos seus anos de vixencia, a valoración que fai o Goberno galego do cumprimento de cada un dos eixes dese plan e as razóns da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para deixar sen executar case trece millóns de euros da partida destinada ao Programa 712

- 1938 (11/PRE-000191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre a necesidade de incluír as parroquias do rural do concello de Viveiro e o polígono industrial de Landrove no Plan de banda larga de Galicia 2020

- 1943 (11/PRE-000192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre os datos referidos aos incendios forestais rexistrados no Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés desde o 1 de xaneiro de 2016 ata a actualidade, a coordinación que se está a desenvolver entre a Consellería do Medio Rural e a Administración portuguesa competente na materia, así como os medios de prevención empregados nese período

- 1949 (11/PRE-000193)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do investimento de recursos humanos e materiais levado a cabo para un estudo serolóxico autonómico en relación coa covid-19 que non ofreceu resultados, as razóns da demora na presentación dos definitivos e os datos referidos á elaboración dese estudo

- 1955 (11/PRE-000194)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre a opinión da Consellería de Emprego e Igualdade respecto da procedencia dos criterios de desconto aplicados nas nóminas do persoal técnico do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais dos grupos A1 e A2 a consecuencia da folga indefinida convocada dende o 1 de agosto de 2020

- 1969 (11/PRE-000195)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 3 máis

Sobre o alcance dos lumes rexistrados na provincia de Ourense na segunda fin de semana do mes de setembro e a xestión da Consellería do Medio Rural ao respecto



- 1975 (11/PRE-000196)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida ao baixo nivel de execución que presentan ano tras ano as partidas destinadas ao fomento do emprego, así como as súas previsións respecto da elaboración dun plan de emprego para Galicia e a súa dotación orzamentaria para o ano 2021

- 1978 (11/PRE-000197)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do cumprimento do Obxectivo transversal 4, Cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural, correspondente ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, e a execución orzamentaria de cada unha das catro estratexias definidas nese obxectivo, así como dos principios horizontais

- 1984 (11/PRE-000198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonso, Ramón

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego respecto da situación das Pontes como consecuencia do anuncio do adiamento do peche da central térmica, a valoración que fai das previsións de recorte dos fondos europeos para a transición enerxética e as demandas presentadas ante as institucións europeas para evitar que Galicia saia prexudicada

- 1991 (11/PRE-000199)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abelairas Rodríguez, María Isaura e 4 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do feito de que Galicia sexa unha das comunidades autónomas onde aínda non se lexislase de xeito máis completo en materia de protección de menores e adolescentes transexuais, así como as medidas adoptadas para o cumprimento nos centros de infantil e primaria do Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non-discriminación e a liberdade de identidade de xénero

- 1994 (11/PRE-000200)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as deficiencias existentes no ámbito educativo no concello de Culleredo

- 1997 (11/PRE-000201)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego respecto do estado de abandono en que se atopan as reses existentes nun terreo do concello de Mugardos cuxo coidado foi asumido pola Xunta de Galicia por medio da empresa Tragsa

- 2001 (11/PRE-000202)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Prado Cores, María Montserrat



Sobre a opinión do Goberno galego en relación coas deficiencias existentes na atención que se está a prestar nos centros de saúde do concello de Arteixo e as medidas previstas ao respecto

- 2005 (11/PRE-000203)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao posible recorte de servizos, que na actualidade realizan as ambulancias, no novo concurso para a prestación do servizo de transporte sanitario terrestre non urxente e, en particular, ao establecemento da posibilidade de realizar traslados para diálise, determinados tratamentos e/ou rehabilitacións en taxis e/ou vehículos de transporte con condutor (VTC)

- 2012 (11/PRE-000204)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar no concello de Antas de Ulla, así como da incidencia do anuncio da construción dun novo centro de saúde, na garantía da calidade asistencial de xeito inmediato

- 2017 (11/PRE-000205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das demandas referidas ás deficiencias existentes no espazo que ocupa na actualidade a Escola de Educación Infantil de Antas de Ulla, da rede Galiña Azul, así como sobre o prazo previsto para a realización das actuacións necesarias para a súa resolución

- 2030 (11/PRE-000206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as previsións do Sergas referidas ao restablecemento da atención presencial nos consultorios médicos de Paradela, no concello de Meis, e de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, así como sobre a atención pediátrica no de Meis, e sobre a súa opinión respecto da calidade da atención sanitaria que estes están prestando

- 2034 (11/PRE-000207)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento do obxectivo fixado para o ano 2020, no que atinxe á cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a súa reutilización e reciclaxe, as súas intencións referidas ao impulso dun gran acordo en materia de tratamento de residuos urbanos e, nomeadamente, para o fomento da compostaxe dos biorresiduos, así como as medidas previstas ao respecto

- 2049 (11/PRE-000208)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, así como coa Estratexia galega de acción exterior



- 2065 (11/PRE-000209)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e González Iglesias, María do Carme

Sobre a normativa vixente para o sector do marisqueo a pé, en concreto para as traballadoras do sector, en materia de medidas de prevención para afrontar a crise sanitaria xerada pola covid-19, no que atinxe ao uso de máscara

- 2072 (11/PRE-000210)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración da axenda urbana galega 2030

- 2078 (11/PRE-000211)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as razóns da demora no inicio das obras no CEIP nº 1 de Melide, así como as razóns de carácter pedagóxico existentes para non desdobrar a unidade de 3º de Primaria e non dotala dun coidador ou coidadora para atender o alumnado con necesidades educativas especiais

- 2095 (11/PRE-000212)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para xuntar as aulas de menos de 15 alumnos e aumentar deste xeito as ratios de alumnos por aula, en contra das recomendacións das autoridades sanitarias e da OMS, así como para suprimir en plena pandemia da covid-19 un dos grupos de 4º de Infantil no CEIP Barcelos, de Pontevedra

- 2103 (11/PRE-000213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria prestada á veciñanza do concello de Meis durante os meses de verán, así como as súas previsións referidas á resolución das carencias de persoal nos centros sanitarios

- 2105 (11/PRE-000214)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre o número de persoas que se atopan na actualidade en Galicia na listaxe de espera para percibir unha prestación de dependencia, o cumprimento polo Goberno galego dos prazos legalmente establecidos para a tramitación dos expedientes e as medidas previstas ao respecto

- 2112 (11/PRE-000215)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a posición do Goberno galego en relación coa petición pola Avogacía do Estado da execución provisional da sentenza referida ao pazo de Meirás, a realización dalgunha valoración xurídica e



dalgunha xestión ao respecto, así como as súas previsións no que atinxe ao estudo xunto co Concello de Sada e a Deputación provincial da Coruña da fórmula máis axeitada para a súa posible xestión pública

- 2117 (11/PRE-000216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da sanción referida ao día 9 de maio de 2019 e aplicada á confraría de Rianxo pola tenencia de ameixa babosa de talla non regulamentaria, no que atinxe á súa adaptación á normativa publicada e a súa correspondencia cos feitos, así como as actuacións previstas en función do proceso xudicial posto en marcha e o recurso presentado pola confraría

- 2120 (11/PRE-000217)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou as previstas polo Goberno galego para coñecer a procedencia e evitar as verteduras que veñen producindo no lugar de Couso, na parroquia de Aguiño, no concello de Ribeira

- 2130 (11/PRE-000218)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitarlles aos traballadores do mar o teren que facer en centros privados os cursos de mantemento da competencia dirixidos á renovación ou obtención do certificado de suficiencia, así como o seu custo, e as que vai a desenvolver para que esta poida ser pública e gratuíta no ano 2021

- 2137 (11/PRE-000219)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre os datos referidos ao cribado para prever a covid-19 anunciado polo Goberno galego entre o persoal e persoas usuarias das residencias de maiores e centros de atención á discapacidade, así como as previsións respecto da súa ampliación a todos os servizos dependentes da Consellería de Política Social e a outros como o ensino e persoal sanitario

- 2142 (11/PRE-000220)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego e as razóns da falta de execución orzamentaria que presentan no ano 2019 determinadas partidas do programa 141A que deixan aos concellos galegos sen 8.868.246,85 euros

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Antonio Lourenzo Sobral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o estado do CEIP Frei Luís de Granada, a reubicación do alumnado na Escola Fogar e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vemos con enorme preocupación a situación na que se atopa o colexio Frei Luís de Granada de Sarria e a decisión adoptada pola Xunta de Galiza a respecto da reubicación do alumnado mentres non se realizan as obras de mellora deste centro, dividindo o estudantado entre o Xograr e a Escola Fogar.

O edificio do Frei Luís foi inaugurado en 1974. Na actualidade presenta importantes deficiencias na súa estrutura o que provocou a aparición de novas gretas e o agravamento doutras que xa existían. Esta situación non é nova pois en 2011 foi preciso intervir sobre a infraestrutura nunhas obras que duraron dez meses e que obrigaron a reubicar o alumnado noutro centro.

As obras de 2011 supostamente corrixiran os problemas estruturais do edificio pero o certo é que non á vista dos acontecementos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Consellaría de Educación decidiu instalar a comezos de xaneiro de 2020 puntais no patio así como en corredores e algunha das aulas para paliar as deformacións perante as denuncias da dirección e o profesorado do centro que advertían do empeoramento do edificio.

Logo de varias mobilizacións e denuncias públicas por parte das nais e pais a Xunta de Galiza optou, como medida temporal, ubicar o alumnado na Escola Fogar, un espazo que está lonxe de ser o acaído para acoller un centro educativo.

Como é sabido, en marzo de 2020 declárase unha emerxencia sanitaria por mor da COVID-19 e o curso 2019/2020 remata coa poboación en proceso de desconfinamento. Porén, a Xunta de Galiza ás portas do curso 2020/2021 decide que, entretanto non se efectúan obras de mellora no Frei Luís, o alumnado continuará a estudar dividido en grupos entre o Xograr e a Escola Fogar.

Desde o Bloque Nacionalista Galego cremos, como tamén as familias, que a Escola Fogar non posúe as condicións requiridas para ser centro educativo, menos aínda se temos en conta a situación sanitaria que existe na actualidade, e que as obras previstas pola Consellaría de Educación non servirán para resolver os problemas estruturais do CEIP Frei Luís de Granada senón que o que precisa Sarria é un novo centro de ensino adaptado ao século XXI.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cre a Xunta de Galiza que a Escola Fogar conta coas condicións necesarias para ser centro educativo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cre o Goberno galego que as obras previstas no CEIP Frei Luís de Granada son suficientes para resolver os problemas estruturais do centro?

- Non cre a Xunta de Galiza que a vila de Sarria precisa dun novo centro?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2020 10:21:34

Mercedes Queixas Zas na data 11/09/2020 10:21:39

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/09/2020 10:21:51

Daniel Castro García na data 11/09/2020 10:21:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Antonio Lourenzo Sobral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á supresión da liña EI CEIP Salgado Torres (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise sanitaria da COVID-19 chegou para paralizar todo. Apenas os servizos esenciais, grazas á entrega e esforzo máximo das profesionais que os desenvolven, mesmo en condicións críticas e de risco sanitario, sostiveron as necesidades básicas da sociedade.

Transcorridos seis meses desde o inicio do confinamento, superadas as fases de desescalada e recuperadas, aínda que condicionadas, boa parte das rutinas de vida diaria, familiar, social e laboral, comezamos o mes de setembro cunha grave preocupación: a volta á escola.

A crise provocada polo coronavirus puxo de relevo a importancia da escola como elemento de cohesión social, como dereito irrenunciábel para o conxunto da sociedade, mais tamén evidenciou o estado de mingua progresiva de investimentos en recursos materiais e profesionais ao que o someteu a Xunta de Galiza na última década.

Unha das moitas leccións que nos aprendeu o coronavirus é que a escola debe ser presencial, estar atendida polas profesionais do ensino desde grupos aula con ratios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis reducidas e fortalecida por unha boa competencia dixital dotada da formación e dos recursos precisos.

Porén, a realidade dos últimos meses, mesmo destas últimas semanas de verán, previas ao comezo do curso escolar, evidenciou a absoluta falta de planificación e asunción das competencias exclusivas en educación por parte da Xunta de Galiza, tomando decisión que desatenden todas as recomendacións básicas de protección sanitaria preventivas ante o coronavirus.

Neste sentido, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego coñecemos a decisión da Consellería de Educación de eliminar unha unidade de 4º de educación infantil no CEIP Salgado Torres da Coruña, obrigando a mudar de centro un total de 24 crianzas que solicitaran praza neste colexio. Unha matrícula que, como vén sendo habitual, se ve incrementada progresivamente ao longo de cada curso con alumnado procedente do exterior.

No canto de distribuír o alumnado matriculado neste nivel nas dúas liñas existentes no centro cunha ratio menor e máis saudábel, segundo os parámetros sanitarios, a Consellería de Educación opta por integralos nunha única aula, atendendo á ratio máxima.

Asemade, esta decisión de eliminación dunha unidade supón a eliminación de dous profesionais docentes, un/unha titor/a e outra de apoio, do cadro de persoal do centro educativo.

Despois de valoralo coa ANPA do centro, entendemos que, debido á crise sanitaria provocada polo coronavirus, non é este o momento para continuar coa política de desmantelamento da educación pública galega levada a cabo polo goberno da Xunta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Galiza do Partido Popular, senón de reforzala coas debidas garantías formativas, emocionais e sanitarias para o conxunto da comunidade educativa.

Urxe unha outra organización da política educativa que poña o foco na calidade da docencia, canto á redución das ratios e o aumento das prazas de docentes, adaptada a un contexto sanitario o máis seguro posíbel.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Considera a Xunta de Galiza necesaria a supresión dunha unidade de infantil no CEIP Salgado Torres da Coruña nas actuais circunstancias sanitarias?
- É consciente o goberno galego de que non está a cumprir as recomendacións sanitarias de evitar agrupamentos sociais numerosos, durante tempos continuados, en espazos pechados?
- Entende o goberno galego que é unha decisión política acertada optar por suprimir neste centro unha unidade de 4º de infantil que permitiría un reparto do alumnado matriculado en dous grupos con menor risco de contaxio?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Daniel Castro García
Manuel Antonio Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 11/09/2020 10:38:22

Daniel Castro García na data 11/09/2020 10:38:27

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/09/2020 10:38:41



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Luis Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Galicia atópase inmersa, xunto ao conxunto do Estado, nun momento sen precedentes como consecuencia da pandemia provocada pola Covid-19 e a piques do comezo escolar. Ademais o noso país atópase nun momento crítico social e economicamente derivado da pandemia, e do que descoñecemos a dimensión que poida tomar. Como consecuencia desa incerta situación faise máis preciso aínda blindar a protección dos colectivos vulnerables, dedicando os recursos económicos necesarios que lles permitan facer fronte ás novas realidades ás que debemos facer fronte.

No caso no contexto escolar, os nenos e nenas terán que levar máscaras obrigatorias dende os 6 anos en adiante, e a Xunta de Galicia, engadiu a recomendación para os grupos de idade de 3 a 6 anos. Polo tanto, estamos a falar dun gasto que deben afrontar para cada un dos días lectivos e que se multiplica en función dos fillos e fillas que teña a familia e que se vai engadir aos gastos habituais das familias da nosa Comunidade Autónoma.

Por outro lado, as comunidades autónomas que compoñen o Estado español están a recibir fondos procedentes do Goberno central para facer fronte ás necesidades de gasto derivadas da situación sanitaria, económica e social que atravesamos.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Ten feita a Xunta de Galicia unha valoración do impacto económico que supón sobre as familias adquirir as máscaras necesarias para os seus fillos e fillas para asistir aos centros educativos?
- 2.^a) Concorde a Xunta de Galicia en que ese custo de adquisición resulta un gasto inasumible para un elevado número de familias?



3.^a) Considera a Xunta de Galicia que as familias deben recibir axuda para cumprir as obrigas que lles impón a Administración educativa, nomeadamente a adquisición de máscaras para os seus fillos e fillas?

4.^a) Contempla a Xunta de Galicia, e en concreto a Consellería de Cultura, Educación e Universidade xunto coa Consellería de Política Social adquirir as máscaras necesarias para o seu uso no contexto escolar?

Pazo do Parlamento, 11 de setembro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Luis Manuel Álvarez Martínez
Noa Díaz Varela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 11/09/2020 12:03:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/09/2020 12:03:56

Noa Susana Díaz Varela na data 11/09/2020 12:04:07



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A enfermidade pulmonar obstrutiva é unha enfermidade crónica, que afecta aos pulmóns e que provoca problemas diversos relacionados co sistema respiratorio. As súas consecuencias son notoriamente molestas para as persoas que a padecen, en distintos graos.

Estímase que a porcentaxe de persoas que a padecen está incluso por riba do 10 % en España, e aínda algo máis elevado no caso de Galicia. A pesares disto, algúns especialistas apuntan que os casos detectados e diagnosticados poden corresponder apenas a un de cada catro persoas afectadas.

A atención sanitaria recibida polos profesionais do Sergas é sempre de alta calidade, non en tanto os pacientes de EPOC, asociados en torno á Asociación APEPOC (Asociación de Pacientes de EPOC), de ámbito estatal, apuntan a posibles melloras que diversos profesionais do propio Sergas consideran de interese. Estas teñen que ver coa mellora, na medida do posible, dos protocolos de actuación no caso dun diagnóstico de EPOC, facilitando o tratamento. Neste caso do tratamento tamén existen posibles melloras, que teñen que ver coa posibilidade de implementar terapias como a fisioterapia respiratoria a través dos servizos de fisioterapia do Sergas, ou a dotación maior de instrumentos que permitan mellores e máis rápidas deteccións, como espirómetros, ou nebulizadores para o tratamento.

Resulta obvio asociar estes problemas coa situación de dificultade sanitaria actual, provocada pola pandemia da COVID, onde moitos pacientes de EPOC son poboación de especial risco por sufrir unha enfermidade do aparato respiratorio. Isto ten provocado reaccións de angustia e temor por parte destas persoas, que precisan nalgúns casos de axuda en termos de saúde mental para superar as dificultades que, nos seus casos, son de clara gravidade.

Resulta importante visibilizar colectivos con este tipo de problemas, o que podería derivar en promover a presenza de contidos relacionados coa EPOC nos procesos de formación continua dos profesionais, así como a activación real da Escola de Pacientes, contando coa colaboración das entidades e asociacións.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que posibilidades de mellora no tratamento de pacientes con EPOC considera o Sergas que pode ofrecer?
2. Que previsión ten o Sergas para mellorar no vindeiro tempo a atención sanitaria a pacientes con EPOC?
3. Está entre os plans do Sergas incrementar os recursos materiais como espirómetros ou nebulizadores para os centros sanitarios?
4. Cando ten previsto o Sergas iniciar o proceso para a contratación de novos profesionais de fisioterapia como foi anunciado hai xa meses? Terá en conta as posibilidades que esta nova contratación puidera ofrecer en terapias de fisioterapia respiratoria?

Pazo do Parlamento, 11 de setembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 11/09/2020 12:23:45

Marina Ortega Otero na data 11/09/2020 12:23:58



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Patricia Otero Rodríguez, Luis Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Galicia atópase na actualidade inmersa nunha crise sanitaria provocada polo coronavirus Covid_19. Durante os pasados meses en Galicia, na primeira onda, o maior agravio provocado polo virus deuse nas residencias de maiores, e coma vítimas directas as persoas maiores residentes das mesmas. A porcentaxe de contaxios maior foi naqueles centros de atención residencial de carácter privado e cun maior número de ocupación. O número de falecementos por contaxios Covid-19 en residencias é case a metade dos contaxios da Covid-19 en Galicia polo que é imprescindible abordar a cuestión de xeito transversal e coordinado.

Pasado o Estado de alarma e período de escalada a primeira residencia que desbordou o número de contaxios foi a do Incio, ante a cal os socialistas presentamos iniciativas para poder obter datos do acontecido na mesma. O día 8 de setembro coñecemos tamén o desbordamento da residencia de Outeiro de Rei, cando por parte da Administración se detectaron 99 casos novos tras un cribado, polo que o número total en dito centro é de 153 persoas das cales 139 son residentes e 14 traballadoras. Non é menos importante a reivindicación constante das traballadoras de dita residencia e máis as familias dos residentes, solicitando a Xunta de Galicia a intervención inmediata da mesma para evitar o repunte de casos que fatidicamente aconteceu.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Considera a Xunta de Galicia eficiente a actuación por parte da Administración autonómica competente na materia, neste caso a Consellería de Política Social?
- 2.^a) Tivo algún tipo de inspección o centro de atención residencial de maiores de Outeiro de Rei de DomusVi recentemente? E nese caso, tivo algunha sanción? De que tipo?



3.^a) Que parámetros obxectivos ten a consellería para intervir unha residencia con contaxios de Covid-19? E en concreto na residencia de Outeiro de Rei por que non fixeron a intervención con anterioridade?

4.^a) Que medidas se é que as hai, ten a Xunta de Galicia para a mellora de dito centro residencial e de todos os que interveu a Consellería de Política Social, unha vez remata a intervención?

5.^a) Cantas inspeccións e no seu caso as sancións se é que houbo, así coma os motivos, houbo nos centros de atención residencial pertencentes a DomusVi nos últimos anos?

Pazo do Parlamento, 11 de setembro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Patricia Otero Rodríguez
Luis Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 11/09/2020 16:19:17

Patricia Otero Rodríguez na data 11/09/2020 16:19:30

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/09/2020 16:19:58

Julio Torrado Quintela na data 11/09/2020 16:20:22



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Isaura Abelairas Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia di na súa exposición de motivos que introduce “cambios trascendentes” nos órganos de goberno da sociedade pública autonómica de comunicación audiovisual “co obxecto de conseguir unha maior independencia e profesionalidade na xestión”, de maneira que o nomeamento da directora ou director xeral da Corporación RTVG pasa a ser realizado polo Parlamento de Galicia. No seu artigo 23.3 establece que ese cargo terá unha duración de cinco anos e poderá ser reelixida ou reelixido po un período de idéntica duración.

Van xa entón, tomando como punto de partida ese novo marco normativo, nove anos nos que o Goberno galego está a incumprir unha lei autonómica que, como xa denunciámos os socialistas de Galicia en múltiples ocasións, impide ao Lexislativo autonómico que cumpra co seu cometido de elección da persoa responsable da Dirección da CRTVG.

O cargo de director xeral da Corporación leva ocupado por Sánchez Izquierdo desde maio de 2009 sen que fose sometido a elección por parte da Cámara, unha elección que -cumprindo a lei de medios públicos- debería terse producido nun prazo de seis meses desde a aprobación da normativa, que tivo lugar o 9 de novembro de 2011. Pero é que tampouco en 2015, cando se anovou o Consello de Administración, se someteu a elección.

Cento vinte e un Venres Negros despois, sen a creación do Consello de Informativos da CRTVG e a aprobación do Estatuto Profesional, a CRTVG segue sen dar cumprimento a unha lei que garanta a imparcialidade e a transparencia dun ente público cercenando así á vez o dereito a unha información veraz que temos todos os galegos e galegas.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cando ten previsto a CRTVG someter á maioría do Parlamento a elección dun novo director ou directora xeral da CRTVG?

Pazo do Parlamento, 11 de setembro do 2020

Asdo.: Noa Díaz Varela
Isaura Abelairas Rodríguez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 11/09/2020 17:30:19

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 11/09/2020 17:30:34



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou no ano 2011 a tramitación dun proxecto para a rexeneración dos bancos marisqueiros da ría de Pontevedra, e o dragado do río Lérez, nun treito de 4-5 quilómetros entre o club naval e os Praceres, no que estaba previsto retirar aproximadamente 300.000 toneladas de lamas e outros sedimentos.

Despois de 9 anos de tramitación, este proxecto converteuse máis nunha promesa electoral do señor Feijóo cada 4 anos, que nunha realidade.

Este abandono da nosa ría, está a provocar graves consecuencias para o sector do mar xa que impide a rexeneración e a recuperación dos bancos marisqueiros do fondo da ría, prexudicando especialmente ao sector do marisqueo a flote que viu moi mermada nos últimos anos a súa actividade e ingresos. Así como tamén a navegación deportiva e a actividade do Náutico debido a colmatación na desembocadura e na canle de navegación do río e do porto deportivo.

A pesar deste prexuízo para a cidade de Pontevedra, e de ser prometido en numerosas ocasións polo presidente da Xunta de Galicia, tras 11 anos de espera, os fondos mariños do noso río seguen a acumular sedimentos ata o punto de poder case cruzalo a pé, cando está a marea baixa.

Mentres Portos de Galicia segue a xustificar este retraso na complexidade da tramitación administrativa.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como xustifica a Xunta de Galicia un retraso de 11 anos na elaboración, aprobación e execución dun proxecto ?
2. Vai incluír a Xunta de Galicia esta actuación no río Lérez, no orzamento do ano 2021?



3. Vai a axilizar a aprobación do proxecto para compensar estes anos de retraso?

Pazo do Parlamento, 10 de setembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Patricia Otero Rodríguez
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 11/09/2020 17:43:38

Pablo Arangüena Fernández na data 11/09/2020 17:43:47

Patricia Otero Rodríguez na data 11/09/2020 17:44:00

Juan Carlos Francisco Rivera na data 11/09/2020 17:44:13



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Resulta perfectamente coñecido que a entidade Abanca Corporación Bancaria S.A., é consecuencia dun proceso de adquisición e compra efectuado por un empresario venezolano da antiga Novagalicia Banco S.A., entidade creada para xestionar o negocio bancario de Novacaixagalicia, que a súa vez nacíu froito da fusión das antigas caixas de aforro galegas, Caixa Galicia e Caixanova.

Compre lembrar que aínda hoxe non se coñecen os famosos informes de KPMG baixo os cales o actual presidente da Xunta de Galicia Sr. Núñez Feijóo impulsou a fusión das caixas galegas, fusión que se amosou absolutamente desastrosa para os intereses do país en clave económica e política.

O certo é que o resultado final das caixas de aforro galegas e o banco resultante da mesma, Nova Galicia Banco S.A., previamente intervido e saneado con máis de 9.000 millóns de euros polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), derivou na venda do aforro dos galegos (máis do 50 % dos galegos e galegas eran clientes das caixas) o banco Etcheverría (banco controlado polo venezolano Banesco), por un importe ridículo de 1.003 millóns de euros, asumindo as persoas contribuíntes unhas perdas de 8.269 millóns de euros.

É de destacar que dende a súa creación Abanca S.A. non deixou de medrar en beneficios anuais (405 millóns de euros no 2019, case un 7 % máis que no 2018) e non deixou de crecer como entidade financeira, constando como accionista dun holding importante de empresas no ámbito dos seguros, telecomunicacións e demais. Así mesmo nos últimos tempos vén de adquirir o Banco Caixa Geral (filial española da entidade portuguesa Caixa Geral de Depósitos), e xa previamente se tiña feito coa compra da rede de oficinas portuguesas de Deutsche Bank.

En definitiva, máis de 635 oficinas, 500 en Galicia, e un volume de negocio no ano 2019, de máis de 85.000 millóns de euros, un 22,9 % máis que no ano precedente. O propio Sr. Escotet, mandatario de Abanca S.A., manifestaba publicamente que *“Abanca sigue en el top de las entidades más rentables de*



nuestro país, con un ROE (return on equity) del 10 %, que no dudó en calificar de robusto”.

Pois ben, neste contexto de beneficios continuados, dende o mes de xuño de 2020, a entidade financeira ABANCA S.A., vén de aplicar de forma xeneralizada unha comisión semestral de 50 euros pola xestión e mantemento das contas correntes e de aforro, o que motivou que máis de 120.000 clientes da entidade, a inmensa maioría galegos e galegas, teñan esixido a entidade a retirada destas comisións claramente abusivas, comisións que veñen a penalizar de forma inxusta a pequenos aforradores, pensionista, perceptores de rendas baixas, ou de rendas de integración social, desempregados e persoas máis vulnerables dende o punto de vista financeiro. Todo elo, ademais, nun contexto de crise global xerada pola COVID-19, onde centos de miles de galegos e galegas o están a pasar francamente mal.

A imposición destas comisións por parte de Abanca S.A., e tamén por outras entidades, son alleas a calquera proceso de negociación contractual cos clientes financeiros, se impoñen unilateralmente e carecen de fiscalización por parte do Banco de España.

Comisións abusivas pola xestión e mantemento de contas bancarias que se veñen a sumar a imposición dunha ringleira de cláusulas abusivas insertas de xeito unilateral nos contratos de préstamo hipotecario e noutros contratos financeiros (cláusulas chan, cláusulas de gastos, vencemento anticipado, etc), e que obrigan ás persoas afectadas interpoñer demandas xudiciais para recuperar os seus cartos.

Como é sabido o Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 30.1.4, de acordo coas bases e a ordenación económica xeral e a política monetaria do estado, establece que lle corresponde a Comunidade Autónoma galega, de acordo cos artigos 38,131 e 149.1.11ª e 13ª da Constitución española, a competencia exclusiva en materia de defensa de persoas consumidoras e usuarias.

Nese senso, temos aprobada en Galicia a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias. E neste mesmo marco normativo, o Instituto Galego de Consumo e Competencia, ten como obriga velar pola defensa dos intereses xerais das persoas consumidoras de Galicia.



Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia para evitar que as e os consumidores financeiros galegos sexan expoliados nos seus aforros coa imposición de cláusulas abusivas, en concreto no que atinxe o cobro de comisións de mantemento e xestión por importe de 50 euros semestrais levada a cabo por Abanca S.A. os galegos e galegas, persoas usuarias financeiras desa entidade?

Pazo do Parlamento, 11 de setembro do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rodríguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 11/09/2020 18:08:29

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/09/2020 18:08:41



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A fusión anunciada de CaixaBank e Bankia, provocará, sen dúbida, un cambio de calado no mapa financeiro- bancario do conxunto do Estado. Segundo datos publicados, a posible fusión de ambas compañías sumarían máis de 664.000 millóns de euros en activos, 445.000 aportados polo Banco catalán e 218.000 que proveñen de Bankia, banco controlado polo FROB, a través de BFA, nun 62 % do seu capital.

De levarse adiante a fusión, a entidade resultante sería líder estatal en número de oficinas, empregados, hipotecas e crédito, trastocando de xeito importante o mapa bancario español.

Polo que respecta a Galicia, CaixaBank ten 633 persoas traballadoras e suma 161 centros de traballo, entre oficinas, sucursais e centros de negocio. Bankia, máis cativa, conta en Galicia con 128 persoas empregadas, distribuídas en 21 oficinas.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia non imos a entrar a valorar unha operación de gran calado no ámbito societario, coma a que se deriva desta fusión bancaria, comprensible e lóxica dende unha óptica empresarial dado o delicado momento económico provocado pola COVID- 19, o que non é alleo ao sector bancario.

Unha fusión que ademais ten unha importante incidencia estratéxica en distintos sectores económicos ligados a Enerxía, Comunicación e Infraestruturas, o seren algún dos bancos fusionados accionistas de referencia neses sectores.

Non convén obviar, por suposto, a necesidade de que as plusvalías, presentes ou futuras, derivadas desta posible fusión revertan nas arcas públicas para compensar as inxeccións de fondos públicos feitas no seu momento, esencialmente en Bankia.

Con todo, este grupo parlamentario é consciente de que unha fusión coma a anunciada xera novamente unha falla de competencia no sector que si terá incidencia real na oferta a respecto das e dos consumidores financeiros galegos,



provocará impacto no emprego e tenderá a implantar, tamén en Galicia, un oligopolio financeiro.

Polo que respecta o noso país, desaparecidas xa as caixas de aforro, Banco Pastor e Banco Gallego, resulta evidente que o risco de concentración bancaria é prexudicial para as persoas consumidoras minoritarias, pero tamén para pymes e autónomos, que se verán abocados a buscar financiación nun mercado máis contraído e cativo, con menos oferta no mercado hipotecario e crediticio e con xuros e comisións bancarias probablemente máis abusivas.

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten algún dato o Goberno galego en relación o impacto que esta fusión podería ter no emprego en Galicia?
2. Ten algún dato o Goberno en relación o impacto que esta fusión podería ter no mercado crediticio e hipotecario galego?
3. Cal é a posición do Goberno galego a respecto da concentración bancaria e, en consecuencia, sobre a redución da oferta financeira no país?
4. Que medidas vai adoptar o Goberno a respecto da exclusión financeira que sofre a cidadanía de moitos concellos do país?

Pazo do Parlamento, 11 de setembro do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 11/09/2020 18:33:11

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/09/2020 18:35:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert e Manuel Lourenzo Sobral, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a distribución do alumnado de infantil no CEIP do Xurés en Lobios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente, no Centro de Educación Infantil e Primaria do Xurés, sito no Concello de Lobios, na etapa correspondente a Educación Infantil constan matriculados un total de 22 nenos e nenas. En concreto, 5 de 3 anos, 6 de catro anos e 11 de 5 anos, os cales están agrupados en dúas aulas, sorprendentemente, unha con 5 nenos e nenas, e a outra con 17.

Tal agrupación implica unha masificación innecesaria e un risco superfluo para as escolares de 4 e 5 anos, que están obrigadas a partillar 17 un aula cando é perfectamente posible unha distribución totalmente equilibrada, cando menos, numericamente. Xuntando aos rapaces de 3 anos cos de 4 acadarían un número idéntico aos de 5 anos de idade. Esta distribución acadaría unha ratio moito máis razoable en ambos casos, reduciría o risco de contaxio, dispoño de maiores posibilidades para o distanciamento interpersoal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, non consta existan razóns educativas ou doutra índole que aconsellen unha distribución diferente, que, en todo caso, atendendo ao momento que estamos a vivir posiblemente deberían decaer ou ocupar un segundo plano, sendo prioritaria a adopción de medidas preventivas e de evitación de contaxio.

E por iso que formulamos a seguinte pregunta para resposta escrita:

Entende a Xunta de Galiza que existe un menor risco de contaxio e se cumpren mellor os protocolos sanitarios de prevención de contaxio no caso de partillar aula 17 nenos e nenas no canto de que o fagan 11?

Existen razóns obxectivas para que, incrementando o risco de contaxio, rapaces de 4 anos partillen aulas cos de 5 anos, no canto de facelo cos de 3?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2020

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 14/09/2020 11:10:37

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/09/2020 11:10:42

María González Albert na data 14/09/2020 11:10:55

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/09/2020 11:11:05



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela, Martín Seco García e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Exposición de motivos

O ano 2021 como ano Xacobeo, se a situación pandémica actual mellora, espérase que na nosa Comunidade Autónoma reciba gran afluencia de peregrinos/as. A imaxe que debemos dar cara ese turismo debería ser moito mellor. Eses peregrinos/as vanse aloxar en albergues, moitos dos cales teñen as instalacións con moitas deficiencias e incluso non son accesibles.

A antigüidade dos albergues de peregrinos e peregrinas fai necesarias inversións significativas para a súa adecuación a tódolos turistas que visitan a nosa terra e máximo cando estamos a catro meses do ano Xacobeo 2021. Son moitos os albergues públicos que pertencen á Xunta de Galicia que necesitan inversión e melloras nas súas instalacións.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas creemos que a nova Consellería de Turismo debe revisar tódolos albergues públicos da nosa comunidade para que sexan accesibles e non discriminar á persoas con mobilidade reducida. Os albergues públicos teñen que ser un espazo de integración de tódalas persoas.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando se van facer accesibles para persoas en cadeiras de rodas os albergues da rede pública da Xunta de Galicia?
2. Canto orzamento se vai inverter nestes albergue para facelos accesibles?

Pazo do Parlamento, 14 de setembro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Martín Seco García
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 14/09/2020 17:52:21

Noa Susana Díaz Varela na data 14/09/2020 17:52:33

Martín Seco García na data 14/09/2020 17:52:48

Marina Ortega Otero na data 14/09/2020 17:52:59



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela, Martín Seco García e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Exposición de motivos

O ano 2021 como ano Xacobeo, se a situación pandémica actual mellora, espérase que na nosa Comunidade Autónoma reciba gran afluencia de peregrinos e peregrinas. A imaxe que debemos dar cara ese turismo debería ser moito mellor. Eses peregrinos e peregrinas vanse aloxar en albergues, moitos dos cales teñen as instalacións con moitas deficiencias e incluso non son accesibles.

A antigüidade dos albergues de peregrinos fai necesarias inversións significativas para a súa adecuación a tódolos turistas que visitan a nosa terra e máximo cando estamos a catro meses do ano Xacobeo 2021. Son moitos os albergues públicos que pertencen á Xunta de Galicia que necesitan inversión e melloras nas súas instalacións.

Unha desas melloras que ten que realizar con urxencia o Goberno autonómico é o Albergue de peregrinos de Arca no concello de O Pino. Este albergue foi inaugurado no ano 1993 e dende esta data non se fixo ningunha reforma integral.

Estamos a falar dun albergue con 27 anos de antigüidade que, exceptuando os traballos de mantemento, apenas sufriu melloras de calado. Actualmente os problemas máis salientables serían entre outros, os seguintes: as humidades e filtracións, carpintería de aluminio (fiestras de hai máis de 27 anos), todo o equipamento de instalación sanitaria, ao igual que o “alicatado” dos mesmos e o pavimento cerámico de toda a instalación.

A reforma máis urxente é a da súa accesibilidade, o acceso a este albergue é por unha costa cunha gran pendente pola que non podería baixar unha cadeira de rodas e para entrar no albergue hai un escalón, onde unha persoa en cadeira de rodas non podería acceder ao albergue. Outras reformas necesarias serían arranxar ás humidades, a reforma da cociña e as filtracións dos baños.



A Xunta de Galicia debería aproveitar o peche deste albergue debido a situación de pandemia que estamos a vivir na actualidade para realizar reformas no albergue.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten planificado a Xunta de Galicia algunha actuación importante para o Albergue de Arca no concello de O Pino? Se é o caso, está redactado o proxecto?
2. Cal, ou cales, son as obras que se van a levar a cabo? Cal é o orzamento?
3. Para cando está prevista a licitación das obras?
4. É consciente a Xunta de Galicia que o Albergue de peregrinos de Arca non conta cun acceso axeitado para os e as peregrinas con mobilidade reducida?
5. Non cre a Xunta de Galicia que nesta época de pandemia, onde o albergue permanece pechado, sería un bo momento para levar a cabo as actuacións de cara ao Xacobeo 2021?

Pazo do Parlamento, 14 de setembro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Martín Seco García
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 14/09/2020 17:44:03

Noa Susana Díaz Varela na data 14/09/2020 17:44:20

Martín Seco García na data 14/09/2020 17:44:33

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2020 18:06:50
Nº Rexistro: 1843
Data envío: 14/09/2020 18:06:50.853

Marina Ortega Otero na data 14/09/2020 17:44:44

CSV: BOPGDSPGjvYTF96f4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A necesidade de controlar e facer un nítido e eficiente seguimento de contactos e grupos de risco nesta fase de combate contra a pandemia provocada pola COVID vese afectada pola falta de explicacións e claridade sobre o número e labor dos/as rastrexadores/as da Xunta de Galicia. Este problema engádese aos confusos criterios de citación para a realización de probas PCR, variables segundo as áreas sanitarias e sen un sistema de xestión de todo transparente.

Froito de todo o anterior, véñense coñecendo a través de medios de comunicación as informacións que difunde o propio Sergas sobre a ausencia de persoas citadas para probas PCR ou para o estudo serolóxico autonómico. Esta información contribúe a descargar a responsabilidade nas persoas que non acoden, provocando ademais unha tensión social comprensible.

Non en tanto, aínda existen dúbidas sobre os criterios e sistemas de citación e realización de probas que o Sergas non aclara, como a verificación da notificación das probas (realización e resultado) ou a dificultade que varias persoas usuarias están explicitando para coñecer que son citados para estas probas.

Por todo isto sería oportuno clarear o sistema de citación, e permitir resolver as dúbidas sobre o funcionamento do sistema de realización de probas a poboación xeral, para evitar a atribución errónea de responsabilidades e contribuír a unha máis eficiente labor de control da pandemia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración lle merece ao Sergas o sistema de decisión sobre a realización de probas e a súa notificación?
2. Con que medios está o Sergas realizando a notificación de citas para a realización das probas PCR ou do estudo serolóxico autonómico?
3. Como garante o Sergas que a notificación da cita está recibida polas persoas usuarias?



4. Que volume de citas programadas polo Sergas foi efectiva finalmente ao realizar a proba requirida?

Pazo do Parlamento, 14 de setembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/09/2020 18:08:46

Marina Ortega Otero na data 14/09/2020 18:08:53



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A atención sanitaria no concello de Sarria vén sufrindo nos últimos tempos unha degradación constante, ata o punto de que o máis básico, como é conseguir unha cita no centro médico convertese nunha odisea para os veciños e veciñas de Sarria. Algunha persoa veciña ten denunciado realizar máis de 23 chamadas rexistradas no seu mobil para conseguir unha cita para o centro médico.

É preciso recordar que neste concello permanece pechado o Centro de Saúde de Oural. A parroquia de Oural (Sarria) dispoñía dun consultorio, con persoal para atender a unha consulta médica, ata o ano 2011 en que foi pechado polo Goberno da Xunta de Galicia. A atención ofrecida nese consultorio incluía non só ás persoas desta parroquia, senón de ata 8 parroquias adxacentes, acumulando un volume de pacientes en torno aos 1200.

Oural está a máis de 9 quilómetros do Centro de Saúde de Sarria, que lle corresponde agora aos veciños e veciñas desta parroquia, ao que cabe engadir a non existencia dun transporte público que permita este traslado con relativa facilidade. Si a isto se engaden variables demográficas, como o avellentamento da poboación, a importancia de reabrir o consultorio pódese entender de maneira máis clara.

O peche sorpresivo, no ano 2011, polo goberno popular de Núñez Feijóo, do Centro de saúde de Oural é outro claro exemplo do desmantelamento da sanidade pública por parte da Xunta de Galicia, a pesar de estar obrigada a ofrecer a todos os galegos e galegas unha sanidade pública de calidade e eficaz.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria na comarca de Sarria é satisfactoria?
2. Cre a Xunta de Galicia que é necesario un consultorio sanitario na parroquia de Oural (Sarria)?
3. Considera a Xunta de Galicia que a poboación de Oural, e parroquias adxacentes, están mellor atendidas dende o Centro de Saúde de Sarria?

Pazo do Parlamento, 14 de setembro do 2020

Asdo.: Patricia Otero Rodríguez

Luís Manuel Álvarez Martínez

Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 14/09/2020 18:15:51

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 14/09/2020 18:16:04

Julio Torrado Quintela na data 14/09/2020 18:16:18

Marina Ortega Otero na data 14/09/2020 18:16:37



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A atención sanitaria no concello de Sarria vén sufrindo nos últimos tempos unha degradación constante, ata o punto de que o máis básico, como é conseguir unha cita no centro médico convértese nunha odisea para os veciños e veciñas de Sarria. Algunha persoa veciña ten denunciado realizar máis de 23 chamadas rexistradas no seu móbil para conseguir unha cita para o centro médico.

É preciso recordar que neste concello permanece pechado o Centro de Saúde de Oural, que obriga a varios centos de veciños e veciñas que teñen algunha necesidade sanitaria a desprazarse ata Sarria. En moitos casos xente de idade avanzada que non dispón de medio de transporte co agravante da escasa cobertura de servizos de autobús.

Esta última fin de semana coñeciamos pola prensa, que o sábado pola tarde unha veciña de Sarria octoxenaria sufrira un atropelo mentres cruzaba un paso de peóns da localidade, e que estivo a esperar durante unha hora a que chegara a ambulancia para trasladala a un centro médico.

A ambulancia chegou ao lugar do accidente unha hora despois do sinistro, ao parecer procedente de Becerreá, e trasladou a ferida ao HULA.

Este último acontecemento pon en evidencia a insuficiencia de recursos sanitarios na comarca de Sarria e a necesidade de contar con máis medios de resposta diante das emerxencias sanitarias.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales foron os motivos polo que a ambulancia tardou en chegar a Sarria, ao lugar do atropelo, unha hora?
2. Considera a Xunta de Galicia que a comarca de Sarria conta con servizos sanitarios suficientes?
3. Considera a Xunta de Galicia que a comarca de Sarria conta cos medios precisos para dar resposta ás emerxencias sanitarias?

Pazo do Parlamento, 14 de setembro do 2020

Asdo.: Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 14/09/2020 18:18:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2020 18:18:59

Julio Torrado Quintela na data 14/09/2020 18:19:09

Marina Ortega Otero na data 14/09/2020 18:19:20



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Isaura Abelairas Rodríguez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A falla de rigor e de veracidade nos espazos informativos da Televisión de Galicia e da Radio Galega vén sendo unha constante, que non só denunciámos os grupos políticos da oposición senón tamén os propios traballadores e traballadoras da cadea pública.

O último exemplo tivo lugar o sábado 12 de setembro, cando no minuto 19'12" do Telexornal Mediodía a xornalista informa de que *“o atraso no inicio das clases no ensino secundario está motivado, segundo o conselleiro de Educación e Cultura, polo cambio no protocolo por parte do Goberno central a finais de agosto”*. Nada que obxectar á opinión do conselleiro, pero si é criticable que destas declaracións se desprenda un titular da nova que rece *‘O cambio de protocolo do Goberno central obriga a retrasar o inicio do ensino secundario’* e que este sexa compartido nas redes sociais da corporación.

Que o adiamento do curso nos institutos galegos non fose, para o conselleiro, provocado polo plante de moitos destes centros ao longo de todo o territorio, pola falla de profesorado, pola imposibilidade orzamentaria para mercar mamparas ou ben pola falla de previsión do Goberno galego dá mostra da distorsión da realidade que queren facernos ver ou crer. Pero que a canle televisiva pública pretenda manipular a realidade, con titulares que para nada responden á obxectividade nin a unha boa práctica xornalística, non é admisible.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales foron as razóns para asumir como argumento que xustificase o adiamento do inicio do curso nos institutos galegos o que non era máis que unha valoración do conselleiro que non se contrastou na información con outros actores afectados?



2. Coidan que estas situacións se darían se a CRTVG, tal e como recolle a Lei 9/2011 dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, contase cun Consello de Informativos?

Pazo do Parlamento, 14 de setembro do 2020

Asdo.: Noa Díaz Varela
Isaura Abelairas Rodríguez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 14/09/2020 18:23:18

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 14/09/2020 18:23:33



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Leticia Gallego Sanromán e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O CEIP compostelán Ramón Cabanillas tiña previsto realizar a excursión de fin de curso no mes de maio á Estación de Montaña Manzaneda, pero debido á crise da COVID-19 tiveron que anulala. Para a reserva, as familias dos nenos e nenas de 6º de Primaria dese centro educativo adiantaron un total de 1.311 á empresa que xestiona as instalacións ourensás, Oca Manzaneda (Oca Hotels).

Chegada a pandemia, e con todas as restricións sanitarias establecidas, os pais e nais decidiron anular a viaxe e cancelar a reserva, coa conseguinte petición de devolución dos cartos que as familias xa adiantaran. Dende ese momento e ata hoxe, cinco meses despois, esa partida segue sen ser reembolsada cos argumentos de falla de tesourería por parte da empresa xestora.

O Consello de Administración de Meisa (Manzaneda Estación de Inverno S.A.) está controlado pola Xunta de Galicia (co 49,65 %) e a Deputación de Ourense (49,45 %). No mes de maio este consello deu luz verde ao proceso de licitación pública da xestión deste complexo turístico, que nos últimos oito anos estivo en mans do grupo hostaleiro OCA por adxudicación directa.

Tendo en conta que a anulación da reserva veu provocada pola situación de emerxencia sanitaria e que moitas familias galegas están a vivir unha difícil situación económica e de desemprego por mor da crise da COVID-19, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É coñecedora a Xunta de Galicia da débeda que ten a Estación de Montaña de Manzaneda, de cuxo Consello de Administración forma parte, co CEIP Ramón Cabanillas de Santiago de Compostela? Coñece se existen máis casos similares a este pola xeografía galega?



2. Vixiará a Xunta de Galicia que se abonen as cantidades endebedadas?

Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2020

Asdo.: Noa Díaz Varela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Leticia Gallego Sanromán
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 15/09/2020 17:09:30

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2020 17:09:43

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/09/2020 17:09:52

Juan Carlos Francisco Rivera na data 15/09/2020 17:10:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa aos servizos ferroviarios Ferrol-Ribadeo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O progresivo deterioro da infraestrutura e servizos da liña do ferrocarril de proximidades que vai de Ferrol a Ribadeo vén sendo obxecto de reiteradas denuncias por diversos sectores sociais e institucións; situación que foi trasladada ao Parlamento Galego en numerosas ocasións por parte do BNG, demandando unha acción por parte do goberno galego no marco da comisión creada con Fomento e Renfe.

As deficiencias estruturais existentes nesa liña –falla de renovación do parque de maquinaria, abandono dos apeadoiros, falla de interventores, etc...- uniuse a medida adoptada ao fío da pandemia da COVID 19, consistente na redución dos servizos Ferrol-Ribadeo-Ferrol nun 75%, así como os de proximidade Ferrol-Ortigueira; sen fixar data para a normalización dos servizos. Falamos, en concreto, de que a liña Ferrol-Ribadeo queda cun único servizo diario en cada sentido, fronte aos catro que había anteriormente, e os de proximidades Ferrol-Ortigueira redúcense de oito a catro.

A xestión que está a facer Renfe desta situación é verdadeiramente surrealista, por canto aseveran que desde a finalización do estado de alarma veñen adaptando a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oferta á “demanda real detectada”, cando a empresa nin sequera dispón de revisores que poidan contabilizar o nivel de utilización. A cuestión é xustamente ao revés, porque é evidente que é imposíbel recuperar o nivel de utilización se non hai servizo, como está a pasar na actualidade.

Esta situación –que supón na práctica o illamento das comarcas e concellos afectados pola redución de servizos, ao non dispor de outra alternativa de transporte público- faise máis grave aínda co gallo do comezo do curso lectivo en secundaria e universidade; polo que o restablecemento de frecuencias –quer na liña de proximidades, quer na liña Ferrol-Oviedo-Ferrol- resulta neste momento unha necesidade urxente; sempre na perspectiva da procura de solucións ás deficiencias estruturais da liña das que antes falamos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Coñece o Goberno galego a situación motivada pola redución de servizos na liña Ferrol-Ribadeo nun 75%, producida ao fío da pandemia do COVID 19, que deixa o tramo Ferrol-Ribadeo cun único tren diario en cada sentido –cando antes operaban catro saídas en cada sentido- e o servizo de proximidades de Ferrol a Ortigueira só con catro frecuencias, das oito existentes anteriormente?

2.- É consciente a Xunta de que esta situación deriva en problemas de mobilidade e mesmo de illamento para a poboación das comarcas afectadas, ademais de incidir negativamente tamén no ámbito económico?

3.- Existen algunha previsión por parte do Goberno galego de abordar no seo da comisión creada con Fomento e Renfe a crítica situación desta infraestrutura de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunicación para exixir medidas concretas que resolvan as deficiencias estruturais na liña Ferrol-Ribadeo e, dun xeito concreto e urgente, a reposición dos servizos suprimidos desde o comezo da pandemia do COVID 19?

4.- Considera a Xunta a necesidade de solicitar do Estado a transferencia dos servizos ferroviarios desta liñas, como xeito de garantir a mobilidade de viaxeiros e mercadorías das zonas afectadas?

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2020

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 15/09/2020 17:55:38

Paulo Ríos Santomé na data 15/09/2020 17:55:47

Alexandra Fernández Gómez na data 15/09/2020 17:55:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 15/09/2020 17:55:59



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa **resposta por escrito**.

Galicia padece unha crise demográfica de carácter estrutural agravada nos últimos 10 anos, que coinciden cos gobernos do Partido Popular de xeito interrompido na Xunta de Galicia. Situación que aínda é máis preocupante, se cabe, pola saída neta de mozos e mozas ao resto de España e a caída continua de nacementos. Proceso acumulativo, porque á baixa propensión á natalidade súmase que as xeracións en idade fértil son cada vez máis reducidas, que da como resultado unha “fecundidade moi baixa entre as baixas”, singular polo seu nivel entre as rexións europeas.

Se facemos o balance, temos que mentres en 2008 naceron 23.175 nenos e nenas, en 2018 a cifra está ao redor de 17.000, unha caída superior a un 25 %. Mentres estes datos foron negativos en todos os anos, o Goberno galego asegura unha e outra vez que se trata dun asunto central, básico, senlleiro para o futuro de Galicia e fai plans con distintos nomes pero con idénticos resultados, sendo un dos maiores fracasos da Xunta de Galicia.

Aprobouse neste Parlamento un Plan estratéxico 2015-2020 que colocaba o incremento do número de nacementos entre as súas prioridades, aprobouse un Plan de revitalización demográfica que nós refugamos daquela porque erraba no diagnóstico e non se comprometía nas políticas públicas adecuadas, presentaron unha proxecto de Lei de impulso demográfico que presenta exactamente os mesmos erros, propondo fundamentalmente políticas de natalidade, sen propor crear as condicións precisas para que fose posible unha natalidade próxima ao reempazo.

Os socialistas cremos que só reforzando os dereitos das mulleres é posible facer compatible a natalidade voluntaria coa igualdade de xénero máis plena. As mulleres, as familias desexan en Galicia de media ter o duplo de fillos que teñen hoxe realmente, o que nos colocaría en vías de solución para a crise demográfica que hoxe padece Galicia. As mobilizacións do 8 de marzo contribúen a visibilizar a desigualdade e a colocar na axenda pública, moi arriba, as políticas para a igualdade de xénero.



Pero cómpre trasladar ese impulso social ás decisións políticas, tendo en conta que a crise económica e social derivada da crise sanitaria da COVID-19 agrava aínda máis esta, xa de por si, preocupante situación, tendo que actuar con maior intensidade en políticas de emprego, en conciliación, en política social e en igualdade, en corresponsabilidade, sendo en grande medida estas políticas da responsabilidade directa da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que balance fai a Xunta de Galicia do Plan estratéxico 2015-2020 sobre o obxectivo transversal 3: Dinamización demográfica?
2. Seguen a considerar que pode resolverse a crise de natalidade con campañas de publicidade?
3. Están dispostos a promover un cambio de estratexia nas políticas públicas en emprego, en conciliación, en política social e de igualdade de xénero, en corresponsabilidade?
4. Cal foi a execución orzamentaria anual do obxectivo transversal 3: Dinamización demográfica do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020?
5. Cal foi a execución orzamentaria anual do plan de Revitalización demográfica?

Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2020

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Carlos Francisco Rivera
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/09/2020 17:41:33

Juan Carlos Francisco Rivera na data 15/09/2020 17:41:46

Marina Ortega Otero na data 15/09/2020 17:41:56



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O 23 de marzo de 2017, o Consello da Xunta de Galicia aprobou un documento elaborado pola Consellería do Medio Rural para fixar poboación no rural dotado con 230 millóns de euros procedentes de fondos europeos para cohesión territorial, innovación e formación, agricultura sustentable, mellora da competitividade, impulso da cooperación e remuda xeracional.

Segundo manifesta o Goberno, o plan xira arredor de seis grandes eixes, a través de 23 medidas, coa previsión de crear uns 3.000 empregos directos no agro galego e a posta en valor de case 330.000 hectáreas dende o punto de vista agrogandeiro e forestal no período 2017-2020.

Sendo o seu principal obxectivo a cohesión territorial e o mantemento da poboación, apoiando os modelos de negocio no rural, tanto a través do aproveitamento dos seus recursos endóxeos (agrogandeiro e forestal) como dos novos eidos de negocio. Busca tamén acadar un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais e a creación e conservación do emprego.

Tres anos despois da aprobación deste plan, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal foi a execución orzamentaria da partida ou partidas destinadas a este plan nos anos de vixencia (2017- 2019)?
2. Cal é a valoración que fai o Goberno galego do cumprimento de cada un dos seis eixes nos que se basea o plan?
3. Cales foron os motivos polos que a Axencia galega de desenvolvemento rural deixara sen executar case 13 millóns de euros da partida destinada ao programa 712- Fixación de poboación no medio rural no exercicio 2019?
4. Que valoración fai o Goberno galego desta situación e cales foron as medidas que se deixaron sen atender sobre o previsto inicialmente?



Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/09/2020 17:46:39

Juan Carlos Francisco Rivera na data 15/09/2020 17:46:48

Martín Seco García na data 15/09/2020 17:46:58

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/09/2020 17:47:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López, e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o Plan de banda larga que conecte as parroquias do rural co polígono industrial de Viveiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe, o polígono de Landrove e o rural de Viveiro teñen unha carencia importante no acceso a internet cuns niveis adecuados de velocidade. Esta eiva faise máis evidente ao ver como dotar a estas zonas de banda larga de alta velocidade axudaría ás empresas e autónomos a desenvolverse a nivel competitivo, mellorando a economía e o emprego do concello, evitando a despoboación do rural e a emigración.

Alén disto, o polígono de Landrove leva moito tempo condenado a sufrir os problemas das comunicacións. Ademais do seu problema de acceso a nivel de estradas, temos que sumar o problema comunicativo a nivel dixital, mentres que as empresas de polígonos colindantes como os de Mondoñedo, As Pontes, Lourenzá e Ribadeo dispoñen de servizos de internet a través de fibra óptica, debido a que estes polígonos foron beneficiarios do Plan de banda larga da Xunta, financiado co 75% de fondos FEDER.

Da necesidade deste Plan de banda larga e dos beneficios que reportaría dá conta a Unión Europea, cando en 2010 estableceu que no 2020 xa debería existir unha banda larga de máis de 30 Mbps en todos os recunchos dos seus Estados membros; e tamén





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cando o pasado 10 de decembro aprobaba unha axuda pública de 400 millóns de euros para levar a banda larga de alta velocidade ás zonas rurais do Estado español, a executar entre o 2020 e o 2022. A todo isto hai que sumar que antes do 1 de xaneiro do 2020, as grandes operadoras estaban obrigadas a proporcionar unha cobertura que permita o acceso á velocidade de 30 Mbps ou superior ao 90% dos habitantes nos municipios rurais.

Deste xeito e máis alá do uso persoal, a veciñanza de Viveiro precisa hoxe en día, máis que nunca, contar cunha conexión de velocidade digna coa que poder ter acceso con igualdade de oportunidades ao teleensino, teletraballo, e ter a opción de interrelacionarse coas administracións e poder realizar os seus trámites administrativos a través das sedes electrónicas das mesmas. De igual maneira, no plano empresarial e económico é un factor chave para que as empresas poidan desenvolver a súa actividade económica en condicións óptimas, máxime cando falamos de zonas de carácter rural.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a posición da Xunta a respecto de cumprir as porcentaxes acordadas pola UE de expansión da banda larga?

Vai dotar a Xunta de banda larga neste ano a aquelas poboacións que seguen sen ela, e que debido ás consecuencias da COVID-19 necesítana máis que nunca?

A que se debe que a día de hoxe Galiza nin se achegue ás porcentaxes de dotación de banda larga que indicou a UE para o 2020?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2020

Asdo.: **Daniel Castro García**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 15/09/2020 18:32:40

Daniel Castro García na data 15/09/2020 18:32:43

Daniel Pérez López na data 15/09/2020 18:32:52

María do Carme González Iglesias na data 15/09/2020 18:33:04



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Marina Ortega Otero e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O parque Natural Serra do Xurés pertence a Reserva da Biosfera Transfronteriza Geres-Xurés declarada no ano 2009 cunha superficie total 330.874 hectáreas. Sitúase o sudoeste da provincia de Ourense, entre España- Portugal. En Portugal sitúanse 267.958 ha y en Galicia 62.916 hectáreas.

En Galicia comprende os concellos de Entrimo, Calvos de Randín, Bande, Lobeira, Lobios Muíños.

E comprende títulos tan relevantes como son os seguintes: Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) “Baixa Limia - Serra do Xurés”, de 31.287 ha; zona Especial de Conservación (ZEC) “Baixa Limia”, de 33.920 ha; Parque Natural “Baixa Limia - Serra do Xurés” de 29.345 ha; zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) “Baixa Limia-Serra do Xurés” de 31.287 ha e “Baixa Limia” de 33.920 ha.; Parque Nacional da Peneda Gerês (Portugal); SIC Serras da Peneda e Gerês; Reserva Bioxenética Matas de Palheiros Albergaria; Re de Reservas Bioxenéticas do Consello de Europa.

Este espazo natural conta cunha rede hidrográfica densa, ecosistemas en bo estado de especies de fauna e flora de excepcional interese para a conservación da natureza e a biodiversidade. E con un importante patrimonio natural e cultural.

A pesares de todo isto, a protección fronte os incendios dunha zona tan rica en patrimonio natural é inexistente ademais de que non nos consta que exista unha coordinación entre a Xunta de Galicia e a Administración do país veciño, Portugal, na especial protección e desenvolvemento desta zona, así como no estudo das causas dos incendios que veñen tendo lugar dende o ano 2016.

No ano 2016, 3.000 hectáreas foron arrasadas polo incendio ocorrido no parque natural no concello de Entrimo.

Este mesmo fin de semana de setembro o Parque Natural, no concello de Lobios, está a sufrir de novo o drama do lume, e no mes de agosto do presente ano,



concretamente o día 8 , un hidroavión portugués que traballaba na extinción do incendio forestal rexistrado en Lobios, sufriu un accidente cun resultado dun piloto morto e outro piloto ferido.

En relación con esta situación de incendios continuados no Parque Natural Baixa Limia- Serra do Xurés dende o ano 2016, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantos incendios forestais se produciron no Parque Natural Baixa Limia-Serra Xurés dende o un de xaneiro de 2016 ata a actualidade?
2. Que superficie se viu afectada polos incendios producidos entre o un de xaneiro de 2016 ata a actualidade no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés? (Con distinción de zona rasa e arborada)
3. Cal é a valoración económica dos danos producidos polos incendios acontecidos entre o un de xaneiro de 2016 ata a actualidade no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés?
4. Cales foron as causas que provocaron os incendios acontecidos entre o un de xaneiro de 2016 ata a actualidade no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés?
5. Cantos grandes incendios de máis de 500 hectáreas se produciron entre o un de xaneiro de 2016 ata a actualidade no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés? Especificando concellos e áreas afectados.
6. E certo que algunha Comunidade de Montes presentou dende o ano 2016 ata a actualidade plans de defensa contra incendios e a día de hoxe a Consellería de Medio Rural non lle deu contestación?
7. Que coordinación se desenvolve entre a Consellería de Medio Rural e a Administración portuguesa competente en materia de incendios e de desenvolvemento da reserva da biosfera Xurés-Gerés, con indicación de reunións, seminarios ou mesas de traballo que foran convocadas dende o 1 de xaneiro de 2016 ata a actualidade?
8. Que medios se empregaron en prevención de incendios dende o ano 2016 a la actualidade no Parque Natural Baixa Limia-Serra Xurés con indicación da cuantificación económica?

Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2020

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/09/2020 18:44:53

Martín Seco García na data 15/09/2020 18:45:25

Marina Ortega Otero na data 15/09/2020 18:45:38

Juan Carlos Francisco Rivera na data 15/09/2020 18:45:50



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Co motivo da irrupción da pandemia e as consecuencias graves provocadas pola COVID-19, un dos elementos de interese e relevancia para os sistemas sanitarios estaba en coñecer o impacto real do virus, máis alá das deteccións feitas en probas que, ademais, no inicio eran realizadas de maneira reactiva e non proactiva, debido ao volume e a imprevisibilidade da situación.

Froito desta cuestión o Goberno de España iniciou, a través do Instituto Carlos III, un estudo serolóxico para ter esta información que sería moi importante para a loita contra a pandemia. Despois disto, e nas portas dunhas eleccións autonómicas, a Xunta de Galicia utilizou a súa competencia sanitaria para que o entón candidato, Núñez Feijoo, anunciara un estudo propio autonómico a pesares de que o estudo estatal incluíría un volume e calidade de dato máis que suficiente para poder desagregar e ter información propia.

Para facer este estudo, que inicialmente foi anunciado con dilixencia pero logo foi formulado xa en dúas fases, utilizáronse 100 mil unidades de test que, naquel momento, poderían ser utilizadas para actividade máis ordinaria e de confronto coa pandemia. Ademais practicamente paralizouse unha boa parte do persoal de atención primaria quen, en condicións precarias de protección propia, debían facer as probas para este estudo.

Os primeiros resultados apuntaron a un desfase notorio respecto dos ofrecidos polo Goberno de España, moito máis coherentes e fiables segundo todos os datos obtidos, amosados e evidenciados no resto de España. En Galicia, a pesar diso, persistiuse na segunda fase volvendo a colapsar moito traballo en atención primaria coa dedicación de recursos materiais e humanos que non sobaban.

Esta segunda fase foi anunciada para ofrecer resultados cara finais do mes de xuño, cando dende a propia Consellería anunciouse que “nunha semana haberá resultados”, coincidentemente co Pleno dunha campaña electoral. Nunca máis se soubo con fiabilidade o que aqueles resultados poderían ofrecer, a pesar de ter dilapidado recursos para elo.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do investimento de recursos materiais e humanos realizado para un estudo que non ofreceu resultados?
2. Por que non se presentaron os resultados definitivos do estudo cando foi anunciado que se faría?
3. Pode contabilizar a Xunta de Galicia o tempo investido polo persoal sanitario no deseño, realización e traballo de resultados do estudo serolóxico autonómico?
4. Que valoración fai a Xunta de Galicia do resultado definitivo obtido a través deste estudo?
5. Considera a Xunta de Galicia fiables os resultados avanzados pola primeira fase do estudo para aquel momento da pandemia?
6. Cantas probas foron realizadas concretamente para a elaboración do estudo serolóxico autonómico?

Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/09/2020 18:36:55

Marina Ortega Otero na data 15/09/2020 18:37:02



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Luís Manuel Álvarez Martínez, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Dende o día 1 de agosto do presente ano, o persoal técnico do servizo de prevención de incendios forestais atópase en folga. A convocatoria realizouse logo dun acordo da asemblea de persoas traballadoras das organizacións sindicais, UGT, CIG, CCOO e CSIF con representación na mesa xeral de empregados públicos da Administración autónoma de Galicia, e despois de quince meses de peticións e mobilizacións sindicais. Folga de duración indefinida, e que comprende o persoal técnico de incendios forestais da Consellería de Medio Rural, concretamente os grupos A1 e A2 escala enxeñeiro/a técnicos/as forestais e enxeñeiros/as de montes.

Os motivos da folga se expuxeron por este grupo parlamentario, na proposición non de lei número 1294, que reproducimos integramente.

A maiores do exposto na proposición non de lei con número de rexistro 1294 en referencia as denuncias feitas polos sindicatos, como a externalización da dirección dos contratos de obra, substituíndo ao persoal técnico que está en folga por persoal alleo, a imposición no cambio de cuadrantes e calendarios de traballo para pasar duns servizos mínimos pactados do 66 % a o 100 %, presións para que se realicen informes e executar tramitacións non recollidas nos servizos mínimos, o último intento da Consellería de Medio Rural de desmobilizar as persoas traballadoras que están a secundar a folga de forma maioritaria é realizarlles descontos nas nóminas que os sindicatos consideran ilegais.

Nos criterios de desconto aplicados na liquidación das nómina do corpo facultativo superior e na especialidade enxeñería técnica forestal sinala a Consellería de Medio Rural na súa instrución o seguinte: *“Existindo por tanto determinadas funcións administrativas así como a responsabilidade inherente ás mesmas que non son desempeñadas polos traballadores que exercen o dereito a folga e compren coa prestación dos servizos mínimos, procede, en base ao indicado, o desconto de parte do salario correspondente as funcións non esenciais que se deixan de realizar na prestación dos servizos mínimos.”*



E para os efectos de determinar o porcentaxe que dentro da xornada laboral supón a realización das tarefas de coordinación de incendios, efectúan unha clasificación dos distritos en tres niveis, en función do número de incendios que se produciron entre o 1 de agosto e o 24 de agosto de 2020. Concretamente en tres niveis, un nivel alto de incendios superior a 20 incendios), un nivel medio (entre 11 e 20) e un nivel baixo (entre 1 e 10). Atribuíndo o labor de coordinación da seguinte forma.

Nivel 1, un 80%,
Nivel 2, un 60%
Nivel 3, un 40%

O desconto por conseguinte, o aplica a Consellería retendo un 60 % do salario as persoas traballadoras das provincias que calculan non chegaron a once incendios, retendo un 40 % do salario a provincias que estivesen entre 11 e 20 incendios e un desconto dun 20 % as provincias que superaron os vinte incendios entre o día 1 e 24 de agosto do presente ano.

E a maiores e en prexuízo das persoas traballadoras aplican un reparto entre distritos para que o desconto que se produza sexa maior. Como exemplo citamos a Ourense, que entre o 1 de agosto e o 24 de agosto compútanse 96 incendios, que a Consellería os divide entre cinco distritos, cun resultado de 19.2 e aplícalles en consecuencia un desconto dun 40 % ao non chegar a 20 incendios “de media“. Este criterio fixo que algunha persoa traballadora tivera que abandonar a folga, aínda que a maioría do colectivo segue en folga segundo cifras dos sindicatos, calculando que o 80 % do cadro de persoal está a secundala.

Así as cousas, os sindicatos cualificaron estes descontos de ilegais por estar traballando en servizos mínimos e atribúen a Xunta de Galicia “chantaxes a man armada para abandonar a folga“, cualificando esta medida como represalia e anunciando a formulación da correspondente demanda xudicial por vulneración de dereitos fundamentais, cualificando a actitude da Xunta de Galicia de antidemocrática, antisindical e contraria os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.

A maior abundancia, cómpre sinalar que a persoa que ocupaba o cargo na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Rural, á hora de elaborar esta directiva de desconto e a actual conselleira de Emprego e igualdade, D^a Maria Jesús Lorenzana.



Esta práctica, nunca feita ata o momento, pretende claramente desmobilizar os traballadores e as traballadoras en folga aplicando un criterio que vulnera o seu dereito fundamental recollido no artigo 28 da Constitución española que sinala:

1. Todos tienen derecho a sindicarse libremente. La ley podrá limitar o exceptuar el ejercicio de este derecho a las Fuerzas o Institutos armados o a los demás Cuerpos sometidos a disciplina militar y regulará las peculiaridades de su ejercicio para los funcionarios públicos. La libertad sindical comprende el derecho a fundar sindicatos y a afiliarse al de su elección, así como el derecho de los sindicatos a formar confederaciones y a formar organizaciones sindicales internacionales o a afiliarse a las mismas. Nadie podrá ser obligado a afiliarse a un sindicato.
2. Se reconoce el derecho a la huelga de los trabajadores para la defensa de sus intereses. La ley que regule el ejercicio de este derecho establecerá las garantías precisas para asegurar el mantenimiento de los servicios esenciales de la comunidad.

Recoñecendo a Constitución o dereito de folga como un dereito fundamental e establecendo o Tribunal Constitucional os servizos mínimos como a prestación dos traballos necesarios para a cobertura mínima dos dereitos, liberdades ou bens que o propio servizo satisfai, pero sen chegar á alcanzar o nivel de rendemento habitual da prestación dos traballos. E no ámbito retributivo sobre os traballadores e traballadoras acollidas á folga limitaranse os descontos o tempo proporcional da duración da mesma.

Entende este grupo parlamentario, que a aplicación dunha retención salarial totalmente inxustificada, improcedente e contraria a legalidade vixente, tal como o caso que nos ocupa, supón aplicar unha sanción á persoa traballadora por exercer o seu dereito individual de folga situación que cualificamos como moi grave e que por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Entende a actual conselleira de Emprego e Igualdade que os criterios de desconto aplicados nas nóminas do persoal do corpo facultativo superior, especialidade Enxeñería de Montes, subgrupo A1, e especialidade Enxeñería Técnica Forestal, subgrupo A2, como



- consecuencia da folga legalmente convocada dende o 1 de agosto de 2020 e con carácter indefinido, son procedentes, e que non vulneran a Constitución española e o dereito fundamental á folga?
2. Explicoulles os sindicatos UGT, CCOO CIG E CISIF que forman parte do comité de folga do persoal do corpo facultativo superior, especialidade Enxeñería de Montes, subgrupo A1, e especialidade Enxeñería Técnica Forestal, subgrupo A2, que a conselleira de Emprego entende procedente o desconto salarial que están a sufrir os/as técnicos/as forestais que secundan a folga dende o 1 de agosto do presente ano?
 3. O desconto salarial ás persoas traballadoras que secunden unha folga legal é que presten servicios mínimos, tal como se está a producir na Consellería de Medio Rural, é a liña política que vai a presidir as relacións laborais na Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Luís Manuel Álvarez Martínez
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/09/2020 19:12:51

Martín Seco García na data 15/09/2020 19:12:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2020 19:13:08

Marina Ortega Otero na data 15/09/2020 19:13:16

Julio Torrado Quintela na data 15/09/2020 19:13:32



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero e Juan Carlos Francisco Rivera, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Mentres se redacta esta iniciativa, estamos asistindo a unha verdadeira catástrofe ecolóxica na provincia de Ourense, especialmente no Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés, a Consellería de Medio Rural facía públicos os datos dos lumes desta fin de semana, este luns 14 de setembro de 2020 ás 14:30:

- Lumes activos: Cualedro-Montes (1.300 ha), Rairiz de Veiga-Sabariz (300 ha), Vilariño de Conso-Sabuguido (2.000 ha), Lobios-Río Caldo (2.000 ha dentro del Parque Natural), Vilar de Barrio-Rebordechau (700 ha), Chandrexa de Queixa-Queixa (400 ha), Vilardevós-Vilar de Cervo (300 ha), Manzaneda-Cernado (150 hectáreas), Manzaneda-Paradela (50 ha), Laza-Camba (60 ha) y Ribas de Sil-Peites (60 ha)
- Lumes estabilizados: A Gudiña-Pentes (150 ha) y de Maceda-Castro de Escuadro (130 ha).

Segundo estes datos da propia Consellería, o lume xa devoraba máis de 7.500 hectáreas dos montes ourensáns, aínda que a estas horas xa poderían ser máis de 10.000 ha de superficie afectada, xa que no lume que afecta ao Parque Natural, falaban xa de 3.000 ha de monte queimado diversas fontes.

As actividades que protexen o territorio dos lumes o territorio, como son a gandería de leite e carne ligada a terra son marxinais na provincia de Ourense, con tendencia a desaparecer de non tomarse drásticas iniciativas de apoio por parte da Administración. So quedan en Ourense o 8,2 % das explotacións de carne, e menos do 1 % das explotacións de leite de Galicia. En canto a actividade do sector forestal, as curtas de madeira da provincia apenas alcanzan o 5 % da produción galega. Nin a agricultura, nin a gandería, nin a xestión forestal sostible teñen apenas presenza na provincia de Ourense, o que fai que o territorio se estea a transformar de xeito estrutural, nunha bomba de biomasa formada por miles de hectáreas de mato e monte desordenado, en continuidade e sen apenas presenza dos cortalumes naturais que forman terras de labor, pastos, e prados, que protexen montes e casas, e sen que exista apenas silvicultura preventiva nas masas forestais.



Asemade existen miles de hectáreas de concentración parcelaria abandonadas, sen que ninguén se preocupara nestas últimas dúas décadas de buscarlles unha saída produtiva por falta dun marco legal axeitado que premie a actividade e sancione o abandono, cando Galicia é deficitaria en produción de forraxe e de alimentos para a cabana gandeira galega, que se teñen que importar por vía marítima de outros continentes.

Toda esta dinámica de abandono e desleixo na posta en produción da provincia de Ourense, pola Xunta de Galicia, fan que se dean as condición estruturais na vexetación e no territorio para que o lume sexa recorrente e baste que se dean as condicións climáticas e se prenda a chispa para que cada ano se consiga unha catástrofe medioambiental.

Mentres non se aborde un plan de posta en actividade da superficie agraria ourensán, empezando por un marco legal que mobilice as terras de concentración parcelaria, mentres non se incentive a produción de alimentos e forraxe na base territorial galega, mentres non se incentive a xestión forestal sostible no monte ourensán, non estarán dispoñible as miles de hectáreas que fan a función preventiva no territorio, protexendo os montes e evitando as condición estruturais dos grandes incendios forestais, imposibles de apagar baixo condición climáticas extremas.

Urxe que se replante o modelo de gastar case que 90 millóns de euros anuais en medios de extinción, sen levar a cabo o traballo para dotar de actividade ao noso rural, sen levar a cabo os traballos de prevención, de ordenación do territorio, de educación e acción sociolóxica, de investigación e de vixilancia axeitados.

O informe do Consello de Contas no ano 2016 amosábanos que o Plan Forestal de Galicia elaborado no 1992 e que sinalaba o roteiro da política forestal ata o ano 2030 tiña en previsión que se dedicara un 13 % do diñeiro a prevención e extinción de incendios e o 87 % ao fomento e desenvolvemento forestal, a realidade é que se dedica máis dun 80% a extinción de incendios forestais e un escaso 20 % a prevención ou políticas de desenvolvemento dos ecosistemas forestais (estamos moi lonxe do que ten que ser unha política forestal equilibrada na que se busque a sustentabilidade do patrimonio forestal e dos ecosistemas de Galicia). Por desgracia, neste 2020 seguimos cos mesmos erros denunciados no 2016 polo Consello de Contas de Galicia.



No ano 2017, a Consellería de Medio Rural comezou a revisión do Plan forestal de Galicia que como dicía data do ano 1992, aínda que este plan ten moitas partes sen desenrolar, pero esta revisión quedou paralizada en xuño do ano 2018, despois dun intenso traballo dos grupos políticos, técnicos, axentes sociais e unha comisión de expertos designada para dito traballo, semella que a Consellería de Medio Rural coa Dirección do actual conselleiro, José Fernández, desexaba un titular e unha foto e non a posta en marcha dun novo Plan Forestal, aínda que esta podería ser de moita utilidade para unha nova política forestal que mellore as nosas capacidades para loitar contra o lume.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista recibimos múltiples denuncias de persoal dos servizos contraincendios pola falla de coordinación dos medios aéreos asignados aos incendios desta fin de semana, a Consellería de Medio Rural debera explicar quen estivo exercendo dita coordinación aérea e se teñen os mesmos medios que en anos anteriores.

Por outra banda chéganos información dun déficit de motobombas no distrito afectado, que podería ter ata 7 menos dispoñibles do que deberían ter a disposición.

Son múltiples as baixas de axentes forestais sen cubrir (distritos forestais onde tiña que haber entre 20-23 axentes ambientais/axentes forestais só están operativos para traballos de prevención-extinción de incendios 14-15 axentes) isto afecta directamente a eficacia do operativo de prevención-extinción de incendios, maior carga de traballo, suspensión de vacacións, incumprimento da lexislación existente en canto a compatibilización da vida laboral e familiar, maior perigo para os ecosistemas forestais de Galicia por unha menor protección, maior tempo de reacción diante dos incendios e menor eficacia por non poder realizar os labores propios destes profesionais por falla de persoal.

En distritos forestais cunha superficie de máis de 112.000 hectáreas hai quendas nas que só se conta con un axente por quenda na metade da xornada. En distritos forestais con 113.000 hectáreas teñen menos axentes forestais/ambientais que distritos con só 59.000 hectáreas, feito agravado nos últimos anos por baixas médicas, xubilacións ou disgregación dos axentes en dúas consellerías polo que tratase de cubrir os servizos con moitos menos efectivos. Este ano asignaron nalgún distrito tarde e mal a tres axentes ambientais sen formación previa e para cubrir só até o mes de outubro as vacantes que é preciso cubrir todo o ano.



É coñecido por toda a sociedade a situación dos técnicos do servizo de prevención e loita contra incendios forestais, en folga dende o 1 de agosto pola busca dunha mellor organización do traballo que levan a cabo e trocos para conseguir unha xornada axeitada para a conciliación da súa vida persoal e laboral, que no caso dos xefes de distrito é practicamente imposible.

Necesitamos avanzar na profesionalización deste sector, cun traballos de alto risco, nos que en moitos casos non se garante unhas condicións salariais axeitadas, nin o equipamento material e técnico axeitado, nin a formación imprescindible para a extinción de incendios e a realización dos labores de prevención dos traballadores e traballadoras. Todo isto, demostrado nos últimos anos, conleva unha maior descoordinación, menor eficacia, maior desprofesionalización duns traballos onde o perigo e o risco son unha constante.

Os traballos de prevención de incendios (áreas cortalumes, devasas, faixas auxiliares de pistas e camiños, faixas de xestión de biomasa, non se realizan ao seu debido tempo, a maioría dos traballos de prevención do 2020, están sen facer ou estanse realizando a presa, unha boa parte realízanse fóra da época axeitada non cumprindo co obxectivo que debe ter unha política de prevención de incendios forestais. Os traballos de prevención de incendios forestais e de xestión de biomasa deben de realizarse antes do mes de xullo de cada ano e non resulta desculpa algunha a aparición do COVID-19, xa que a actividade forestal foi unha das materias consideradas esenciais para a administración e polo tanto puideron terse realizado a tempo.

No Pladiga faise referencia a accións dirixidas a poboación, entre outras “accións sociolóxicas e de educación ambiental”, pero atopámonos con que a maior parte das chamadas “Aulas Forestais” están pechadas. Non hai campañas de formación/sensibilización dirixidas ao conxunto da poboación escolar e tampouco a cidadanía, un dos teóricos obxectivos que non se cumpren por que non hai vontade de levar adiante estas actuacións imprescindibles para mudar comportamentos "non se valora o que non se coñece", se queremos cambiar determinadas pautas de comportamento e se queremos que se poñan en valor os ecosistemas forestais de Galicia, débense levar adiante campañas de educación e sensibilización para escolares e campañas de concienciación dirixidas ao resto da poboación e diferenciadas por grupos de poboación.

Aínda que escoitamos aos representantes da Xunta falar continuamente de pirómanos e lumes intencionados, resulta incomprensible que rara vez sexan descubertos os responsables de ditos delitos, para isto débense investigar as



causas, pautas de comportamento dos incendiarios, fallos e incumprimentos na lexislación,..., e para realizar unha boa prevención é preciso realizar unha investigación profesionalizada, específica e axeitada.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son as accións que vai a levar a cabo a Consellería de Medio Rural para a posta en actividade da superficie agraria e forestal ourensán?
2. Por que ten paralizada a Consellería de Medio Rural a aprobación da renovación do Plan forestal de Galicia?
3. Ten previsto a Consellería de Medio Rural unha mellora na profesionalización de tódalas brigadas contra incendios?
4. Por que a Consellería de Medio Rural ten multitude de prazas de brigadistas sen cubrir?
5. Quen coordinaba os medios aéreos contra o lume este fin de semana nos incendios de Ourense?
6. Cando pensan retomar as negociacións cos técnicos do servizo contra o lume?
7. Por que non se desenrolan máis accións sociolóxicas e de educación ambiental?
8. Por que están pechadas a maioría das aulas forestais?
9. Dado a falla de resultados na investigación dos lumes, cree a Consellería que debera mudar as pautas de investigación?
10. Cal é a disposición de todos os medios de motobombas empregados pola Xunta de Galicia nos incendios acaecidos nestes días na provincia de Ourense?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2020

Asdo.: Martín Seco García

Carmen Rodríguez Dacosta

Marina Ortega Otero

Juan Carlos Francisco Rivera

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 16/09/2020 12:12:16

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/09/2020 12:12:26

Marina Ortega Otero na data 16/09/2020 12:12:34

Juan Carlos Francisco Rivera na data 16/09/2020 12:12:45



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Durante os once anos de goberno ininterrompido do Partido Popular na Xunta de Galicia a mellora da situación do mercado laboral nunca foi unha prioridade, caracterizándose polo incremento da precariedade, da inestabilidade, da perda de dereitos e dun alarmante incremento da fenda xeracional, sendo a crise económica de 2008 e a reforma laboral posta en marcha polo PP as causas con maior peso desta situación.

De 2009 a 2019 a poboación galega reduciuse en máis de 95.800 persoas, período no que perdemos 242.944 persoas de entre 20 e 39 anos, é dicir, o noso potencial máis novo e, con esta preocupante perda de poboación temos que o número de ocupados (EPA para o IV trimestre 2009/2019) diminuíu en -46.200, o número de fogares con todos os seus membros no paro tense incrementado en +2.500 e o número de fogares sen ingresos ten aumentado en +12.700.

En resume, somos menos, máis envellecidos e dos que quedan traballan menos.

Con estes precedentes, o 11 de marzo a Organización Mundial da Saúde declarou a pandemia mundial provocada pola COVID-19, orixinada en China, o que supuxo que a metade dos habitantes do mundo permanecéramos en situación de confinamento, paralizano a maior parte do mundo e provocando unha crise mundial que é unha das maiores ameazas coñecidas para a saúde das persoas, con gravísimas consecuencias para a economía e para o emprego, poñendo en risco os medios de vida e o benestar de millóns de persoas.

As medidas de confinamento, as restricións á mobilidade e a paralización da actividade produtiva aplicadas na gran maioría dos países reflíctense na caída do PIB e a perda de empregos, as maiores caídas desde o inicio do século XX, así a caída do PIB en Galicia foi dun 14,9 % do segundo trimestre deste exercicio, afectando a sectores con moito peso dentro da nosa economía.

Xa que logo, o principal reto dos gobernos hoxe debe ser protexer a saúde e a vida das persoas e facer fronte ás consecuencias económicas e sociais desta crise



sen precedentes. O Goberno de España puxo en funcionamento un potente plan de choque de medidas económicas e laborais, estimado nuns 200.000 millóns de euros (20% do PIB), dos que o 58,5 % serán achegados directamente polo sector público, para protexer ás empresas, as persoas autónomas (unhas 68.000 acollidas en Galicia) e aos traballadores (unhas 272.000 persoas asalariadas acollidas a un ERTE), medidas que procuran protexer a saúde, ao sistema produtivo e ao traballo, facilitando a liquidez para autónomos e empresas e as rendas para os traballadores, así como medidas de protección social para as persoas máis vulnerables, procurando unha saída o menos desigual posible, para que ninguén quede atrás, tal e como aconteceu durante a crise de 2008.

O principal obxectivo do Goberno de España é protexer o emprego e que o descenso da economía se traslade ao axuste das capacidades de produción a través dos Expedientes de Regulación Temporal do Emprego (ERTE), ben sexan de suspensión dos contratos ou de redución de xornada, evitando deste xeito a destrución masiva de empregos con despidos colectivos mediante Expedientes de Regulación de Emprego (ERE) ou recorrendo a despidos individuais. Por iso o Goberno decretou que os ERTE como consecuencia do estado de alarma sexan considerados de forza maior, prohibindo ao mesmo tempo os despidos como consecuencia da COVID-19.

Tamén as persoas autónomas teñen, por primeira vez ante unha crise, cobertura do Goberno de España ante a paralización da actividade ou pola diminución dos seus ingresos, cunha prestación extraordinaria por cese de actividade.

Outras medidas importantes impulsadas polo Goberno de España son a implantación do teletraballo, o permiso retribuído recuperable, a mellora da protección das persoas fixas descontinuas e das persoas traballadoras con contrato temporal, as medidas para as empregadas do fogar, e a posta en marcha do Ingreso Mínimo Vital, que protexa ás persoas máis vulnerables.

A saída desta crise para Galicia vai precisar dun maior impulso por parte da Xunta de Galicia e os socialistas analizamos máis que preocupados a execución orzamentaria ano tras ano das partidas consignadas nos seus propios orzamentos para a mellora da empregabilidade, a formación profesional para persoas desempregadas ou da promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é a opinión do Goberno galego ante a baixa execución ano tras ano destas partidas para o emprego?
2. O Goberno galego vai elaborar un plan de emprego para Galicia que conte con todos os actores implicados: sindicatos, concellos, deputacións e asociacións empresariais para a consecución da inserción laboral, fundamentalmente, dos colectivos con maiores problemas de inserción, a adaptación da formación para persoas desempregadas segundo as necesidades do noso tecido produtivo a formación sobre o emprego autónomo e que conte con medidas de apoio as persoas asalariadas que están en ERTE ou acollidas a algunha das axudas do Estado para as persoas autónomas? De facelo, contará con medidas concretas e medibles que sexan dotadas financeiramente no orzamento 2021?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2020

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Carlos Francisco Rivera
Carmen Rodríguez Dacosta
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/09/2020 13:03:14

Juan Carlos Francisco Rivera na data 16/09/2020 13:03:24

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/09/2020 13:03:39



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, no seu Obxectivo transversal 4. Cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural establece que “*a distribución poboacional e a súa dinámica demográfica están estreitamente relacionadas e é no medio rural onde se concentran os retos máis urxentes nesta materia que se concretan en forma de despoboamento e avellentamento da poboación, sendo un feito que caracteriza a distribución territorial da poboación en Galicia respecto do resto de España a súa diseminación en máis de 32.400 entidades singulares de poboación, das que tan só o 24% do total conta con núcleo ou poboación agrupada permanecendo o resto espallada, o que supón que Galicia conta co 47% das entidades singulares existentes en toda España*”.

O propio Goberno galego reconece neste documento que “*Galicia debe crear condicións de vida atractivas para a poboación como única vía para afrontar solucións ante a escasa fecundidade, o avellentamento, a emigración da mocidade a territorios máis dinámicos*”.

Polo que a solución proposta neste Plan estratéxico artéllase nunha serie de actuacións agrupadas en catro estratexias:

Estratexia 1. Promover a coordinación e o desenvolvemento de estratexias conxuntas, interdepartamentais e interadministrativas, que racionalicen a oferta e a demanda de servizos nas áreas periurbanas e rurais.

Estratexia 2. Impulsar unha rede de apoio a modelos de negocio no rural, dende o apoio ás explotacións dos recursos endóxeos no rural (agrogandeiro, silvícola-forestal) a novos modelos de negocio como establecementos de turismo e ocio e outros servizos.

Estratexia 3. Mellorar os medios de transporte colectivos especialmente no que atinxe ás conexións rural-urbanas, completar as infraestruturas rurais modulando axeitadamente as necesidades e as actuacións propostas.



Estratexia 4. Impulsar o Modelo Territorial de Galicia definido nas Directrices de Ordenación do Territorio: acción integral de desenvolvemento económico ata constituírense nun auténtico plan de como se quere ocupar o territorio de Galicia a nivel poboacional e administrativo, tendo en conta o gran reto que supón a transformación demográfica de Galicia con especial impacto no rural.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o goberno galego sobre o cumprimento deste obxectivo transversal?
2. Cal foi a execución orzamentaria de cada unha das catro estratexias definidas no obxectivo transversal 4, así como dos principios horizontais?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2020

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Carlos Francisco Rivera
Martín Seco García
Carmen Rodríguez Dacosta
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/09/2020 13:05:25

Juan Carlos Francisco Rivera na data 16/09/2020 13:05:44

Martín Seco García na data 16/09/2020 13:06:00

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/09/2020 13:06:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza vive un momento clave no que as decisións respecto da denominada transición enerxética marcarán o seu futuro e o de comarcas enteiras. O pasado 27 de decembro a empresa Endesa presentaba diante do goberno central a solicitude formal de peche da central térmica das Pontes, adiantando os horizontes temporais anteriormente previstos.

Desde entón téñense sucedido múltiples iniciativas sindicais, sociais e políticas para procurar que a inevitable descarbonización non acabe sendo unha nova reconversión forzada e dramática sen alternativa no industrial para e o noso país. Porén, a actitude tanto do goberno galego como do goberno central ten estado máis encamiñada a defender as súas propias axendas partidarias do que os intereses de Galiza, como amosa a lentitude da constitución de foros de traballo adecuados e a falta de compromisos en firme mentres o tempo pasa e a irrupción da crise sanitaria do coronavirus ten influído negativamente. Así mesmo, salienta negativamente a falta de compromiso coa industria auxiliar, que continúa a reivindicar un foro específico de traballo.

Neste momento As Pontes e por extensión Galiza vive as consecuencias consecuencias negativas da privatización do sector enerxético, dun modelo enerxético





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actual de explotación colonial, imposto e ao servizo dos intereses das eléctricas e as consecuencias da falta de política industrial e previsión por parte da Xunta de Galiza, ademais dunha irresponsábel improvisación por parte do goberno central. Ademais, Galiza sofre as consecuencias de anos de desigualdade nos recursos para paliar as consecuencias do carbón como a exercida polos gobernos de PP e PSOE nos sucesivos plans Miner e do carbón.

Máis aínda, hoxe coñecemos xa a intención das institucións europeas de recortar en arredor de 20.000 millóns de euros o fondo para a transición enerxética, que inicialmente contaba cunha previsión de 30.000. Así mesmo, a fase final das diferentes probas que vén realizando Endesa require de novos pasos segundo os seus resultados.

Esta situación debe activar unha resposta colaboradora e decidida por parte da Xunta de Galiza, que debe asumir as súas competencias en planificación industrial e enerxética e aspirar a que o noso país conte con voz propia en todo os foros e con capacidade para decidir directamente sobre as cuestións que nos afecta no lugar de permanecer nunha posición subalterna.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galiza respecto da situación das Pontes?

Como valora o goberno galego a previsión de recorte de fondos europeos? Tense dirixido ás institucións europeas para reclamar que Galiza non sexa prexudicada? De que forma, en que datas e con que resultado?

Como valora o goberno galego o funcionamento da mesa das Pontes?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tense dirixido recentemente a Xunta de Galiza ao goberno central para esixir participación directa de todos aqueles foros de debate e decisión respecto da transición enerxética? De que forma e con que resultado?

Considera a Xunta de Galiza suficientes as súas actuacións respecto da crise desatada nas Pontes polo anuncio de peche anticipado da térmica?

Fai a Xunta de Galiza autocrítica respecto da súa falta de impulso industrial?

Considera a Xunta de Galiza que na última década planificou como debiera ser a transición enerxética galega, tendo en conta que as directivas de emisións non son novas, e que o carbón é un recurso finito?

Que medidas vai activar a Xunta de Galiza diante desta situación?

Como valora o goberno galego a situación das empresas auxiliares? Ten favorecido a constitución dunha mesa de traballo? Con que resultados?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 16/09/2020 13:11:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/09/2020 13:11:55



Á Mesa do Parlamento

Isaura Abelairas Rodríguez, Noa Díaz Varela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Na nosa comunidade contamos dende o 2016 cun protocolo educativo para garantir a igualdade, non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

Un documento necesario pero insuficiente na medida en que unicamente se limita a orientar e facer unha serie de recomendacións deixando a súa aplicación final en mans de cada centro educativo.

As dificultades ás que poden enfrontarse as persoas transexuais aconsellan xerar actuacións contundentes, precisamos legislar establecendo un marco que nos equipare aos establecidos en comunidades como Navarra, Valencia ou Aragón destacadas no informe *Realidad del alumnado trans en el sistema educativo* presentado e elaborado pola Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Trans y Bisexuales (Feltgtb).

A educación afectivo-sexual, nomeadamente no relativo á identidade e a diversidade sexual, tal e como contempla o actual protocolo, son disciplinas necesarias no ámbito educativo, polo cal ademais de ser imprescindible proporcionar información e formación a toda a comunidade educativa, e favorecer entre o alumnado a aprendizaxe e a práctica de valores baseados no respecto ás diferenzas e na tolerancia á sexualidade, co fin de evitar situacións incómodas, humillantes e incluso acoso ou transfobia cara ao alumnado trans, precisa de medidas de obrigado cumprimento e que polo tanto, o seu incumprimento derive en mecanismos sancionadores.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora o Goberno galego que Galicia sexa das comunidades autónomas onde non se teña lexislado de xeito máis completo na protección de menores e adolescentes trans?
2. Que medidas ten tomado o Goberno galego para que se cumpra este protocolo nos centros de infantil e primaria cara o comezo de curso?



3. Non cre o Goberno galego que se debería de axilizar este réxime sancionador que garanta os dereitos da xuventude e infancia trans?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2020

Asdo.: Isaura Abelairas Rodríguez
Noa Díaz Varela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 16/09/2020 13:25:38

Noa Susana Díaz Varela na data 16/09/2020 13:25:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/09/2020 13:25:57

Marina Ortega Otero na data 16/09/2020 13:26:06

Julio Torrado Quintela na data 16/09/2020 13:26:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa as deficiencias educativas no concello de Culleredo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Culleredo presenta un problema crónico derivado dun mapa escolar que non se axusta á realidade, acrecentado nos últimos anos nun concello que medrou exponencialmente e que segue a ser un dos poucos onde medra a poboación.

É por iso que Culleredo afronta un cúmulo de problemas maior derivado do caos organizativo que provocou a incapacidade e a ausencia de planificación nestes últimos meses por parte da Consellería de Educación para preparar un inicio de curso con garantías, docentes e sanitarias.

Malia a construción nos últimos cinco anos dun novo IES (Rego de Trabe) e dun novo colexio de Infantil e Primaria (Vila de Rutis), as aulas e os centros do concello seguen a estar masificados e cunha proxección poboacional no municipio en progresivo aumento.

No entanto, no CEIP Sofía Casanova vén de ser eliminada por parte da Consellaría de Educación unha aula de 4º de educación infantil por estaren matriculadas 24 crianzas fronte ás 25 que a lexislación marca como máximo, coa consecuente perda





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dun docente de apoio para esa etapa. Unha situación que xa se padeceu no CEIP Isaac Díaz Pardo a comezos do curso pasado.

Péchase unha unidade completa nestas circunstancias, cando é sabida a progresiva incorporación do alumnado ao longo do curso, ao tempo que se ignoran as recomendacións sanitarias fronte a COVID-19 de redución de ratios en espazos pechados con presenza de tempo continuado.

Cómpre atender que o concello de Culleredo, para alén de presentar unha zona de elevada concentración urbanística e demográfica (O Burgo, Fonteculler, Acea de Ama e Vilaboa), que abrangue a oferta educativa, tamén conta cun centro no medio rural, o CEIP de Tarrío. Completar a oferta educativa na ESO neste centro facilitaría que este alumnado non tivese que se deslocar en autobús durante un longo período de tempo a diario e axudaría a equilibrar todo o mapa escolar do concello, tal e como se recolle desde a iniciativa “Somos Rural”.

Para alén das dificultades e eivas coñecidas, mais ás que a Administración galega adoita facer ouvidos xordos e caso omiso, neste curso escolar 2020-21, en plena pandemia por COVID-19 desde hai seis meses e con importantes repuntas ao longo dos meses de verán, a ausencia de planificación da Consellería de Educación para un comezo escolar adaptado ás actuais circunstancias de alerta sanitaria, vén sorprender coa improvisada proposta de mudar a docencia en centros de secundaria e bacharelato para as quendas de tarde, sen previa información nin consulta ás familias.

Unha decisión que afecta moi seriamente na necesaria programación familiar e laboral en termos de conciliación e que, asemade, anula os proxectos de vida formativa complementaria e de ocio do propio alumnado, ao non lle permitir dispor deste tempo para a asistencia ao conservatorio de música, escola municipal de música, escola de idiomas, actividades deportivas, culturais...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha decisión que demostra descoñecer a oferta de aulas dispoñíbeis nun centro próximo como o IES Universidade Laboral, onde quedaron aulas libres ao desprazar o bacharelato que nel había ata o curso pasado.

A conciliación familiar e laboral é outro plano que está a se ver seriamente afectado entre os centros deste concello vinculado á xestión dos comedores escolares.

O CEIP Vila de Rutis ofrece un comedor xestionado pola ANPA e con elevado recoñecemento pola súa calidade fronte aos xestionados pola Xunta de Galiza, o que está a supor un valor engadido para a oferta educativa do propio centro.

Con todo, este exemplo de boa xestión está a ser penalizado pola Xunta de Galiza ao provocar un agravio comparativo de financiamento a respecto dos colexios con comedor xestionado pola Xunta e con financiamento dos custos para as familias en base á renda.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galiza que, en atención aos protocolos sanitarios, procede pechar unha aula de 4º de EI no CEIP Sofía Casanova con 24 crianzas matriculadas?

2. Considera o goberno galego que a consecuente supresión dunha praza de docente de apoio para a etapa de educación infantil do centro acompaña o criterio de atención educativa de calidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A dispoñibilidade de aulas no IES Universidade Laboral non entende o goberno galego que pode ser unha boa alternativa para completar a docencia en horario matutino para todo o alumnado?

4. Nunha zona xeográfica tan densamente poboada, por que a Consellería de Educación non favorece os desdobramentos dos grupos coa contratación do profesorado imprescindible para tentar aminorar as consecuencias das repuntas por contaxios da COVID-19?

5. Que valoración fai a Xunta de Galiza da posibilidade de modificar o CEIP Tarrío, o único centro accesíbel para o alumnado que vive na zona rural do concello, para lle dar entrada á escolarización da ESO e evitar os longos deslocaementos en transporte escolar?

6. Considera o goberno que debe habilitar as axudas de financiamento dos custos de comedor ás familias do CEIP Vila de Rutis en condicións de igualdade entre os centros independentemente de quen xestione o servizo?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 16/09/2020 13:39:02

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/09/2020 13:39:07

Mercedes Queixas Zas na data 16/09/2020 13:39:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso e Xosé Luis Rivas Cruz, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa o estado de abandono dunhas reses cuxo coidado foi asumido pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai moito tempo vense denunciando, por parte tanto de particulares como de diferentes entidades, a penosa situación na que se atopan un grupo de animais – nomeadamente, vacas- nunha finca situada no concello de Mugardos, como resultado do abandono polo seu propietario, chegando a provocar mesmo algún accidente nas vías colindantes á finca na que se atopan.

O mantemento desta situación e a denuncia de colectivos e particulares da vila, levou a que o pasado ano a Xunta –por medio da empresa TRAGSA- asumise a “manutención, hidratación, protección e custodia dos animais”, segundo informa a entidade INDICAN, un dos colectivos referidos.

Mais, segundo indica a mesma entidade, todo semella indicar que a situación non ten cambiado, xa que o abandono dos animais continúa, constatándose a desaparición dalgunhas reses e, na pasada semana, a morte dunha delas. Todo iso provocou que INDICAN presentase unha proposta de reubicación dos animais en espazos mais seguros, mais até o momento non se recibiu resposta ao respecto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Constatada a responsabilidade que afecta á persoa propietaria dos animais –que, polo visto, evidencia tamén incapacidade de reconducir a situación- o que preocupa agora é que a función de custodia que en teoría tería asumido a Xunta para garantir os mínimos no tocante á atención e manutención dos animais tampouco semella estar a cumprirse.

Por isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Coñece a Xunta a situación dos animais situados nunha finca do concello de Mugardos, por mor do abandono, falla de alimentación e deterioro, que ten levado mesmo ao falecemento dalgún dos animais nos últimos días?

2.- Asumiu a Xunta –por medio da empresa TRAGSA- algunha medida de custodia tocante á atención e manutención das reses, que revertese a situación de abandono e falla de alimentación e coidados mínimos dos animais?

3.- Ten información a Xunta do mantemento e mesmo agravamento da situación, que provocou a morte dalgunha das reses, e tamén á desaparición doutras?

4.- Vai adoptar a Xunta –caso de confirmarse a inoperancia das actuacións encomendadas á empresa TRAGSA- algunha medida ao respecto?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/09/2020 13:46:34

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/09/2020 13:46:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa as deficiencias nos centros de saúde de Arteixo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia provocada pola COVID-19 segue a pór de manifesto a deteriorada realidade interna da sanidade pública galega, ameazada por unha precariedade progresiva ao longo da última década e agora evidenciada con crúa transparencia desde o desatendemento directo das usuarias.

Á xa crónica demora no coidado da saúde vénse sumar agora a atención a distancia, a través do teléfono, e mediante facultativos diferentes ao non se cubriren as baixas das profesionais médicas con persoal substituto, unha situación que está a agravar o seguimento no coidado das persoas doentes.

No Bloque Nacionalista Galego estamos a recoller un aumento das protestas dos usuarios e usuarias dos centros de saúde en Arteixo e por iso denunciámos que a COVID-19 non pode ser escusa para ocultar os propósitos de continuar a devaluar a sanidade pública, precarizando a atención primaria e empurrando a xente a acudir á sanidade privada desde a falsa conciencia creada de que o servizo público non é útil nin eficaz.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Arteixo é un dos poucos municipios galegos que non deixa de medrar demograficamente, por iso precisa contemplar criterios organizativos e de xestión do punto de vista do coidado da saúde que atendan esta situación de demanda crecente.

Desde o BNG de Arteixo tense denunciado en diferentes ocasións as deficiencias na sanidade local e a falta de inversións por parte da Xunta que afectan aos tres centros de saúde.

É por iso que cómpre que os centros de Meicende e Vilarrodís amplíen a súa xornada e incorporen a quenda de tarde. Na actualidade, só teñen horario de mañá e precisarían un médico de medicina xeral de tarde en cada un dos centros máis unha consulta de enfermaría adxudicada a cada médico. Así mesmo, é precisa a incorporación dunha praza de pediatría para que cada centro teña o seu, sen necesidade de limitar este servizo tan importante neste concello a un único profesional compartido polos dous centros de saúde.

A apertura do terceiro e último centro de saúde de Vilarrodís, contra o que cabía agardar, non supuxo o afortalamento da rede de saúde pública municipal. Cando se inaugurou o Centro de Saúde de Vilarrodís o 2 de agosto de 2016, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, dixo que o centro sanitario contaría con 50 profesionais, A día de hoxe conta só con 11; tamén comprometeu 7 consultas de medicina xeral, mais aínda hoxe só son 3, ao igual que en enfermaría.

En definitiva, Arteixo conta cun novo centro de saúde que en absoluto vén ampliar a oferta de medicina familiar nin de especialidades. Un novo continente construído que non ofrece os contidos de atención sanitaria precisos e demandados pola cidadanía nin moito menos complementa a oferta dos dous centros xa existentes..





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Considera o goberno galego que un concello como Arteixo, que supera os 32.000 habitantes, atende debidamente as necesidades da súa poboación en materia de saúde pública?
2. Entende a Xunta de Galiza que un concello marcado demograficamente por unha elevada porcentaxe de poboación infantil e adolescente pode ofrecer un único servizo de pediatría compartido entre dous centros de saúde.
3. Que medidas pensa adoptar o goberno galego para recuperar a atención presencial atendendo ás debidas garantías sanitarias dos protocolos da COVID-19?
4. Que proxectos contempla o goberno galego para cubrir aquelas prazas médicas que están descubertas e obrigan as usuarias do seu cupo a seren atendidas por facultativos diferentes cando precisan consulta médica?
5. Cando pensa o presidente da Xunta de Galiza cumprir coa palabra dada á poboación arteixá a respecto da dotación de persoal médico comprometida na inauguración do centro de saúde de Vilarrodís?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2020 14:07:24

Mercedes Queixas Zas na data 16/09/2020 14:07:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa a coñecer a posición da Xunta de Galiza diante da posibilidade de que determinados servizos que na actualidade se realizan por ambulancias poidan pasar a realizalos taxis.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Transporte Sanitario Terrestre non Urxente é o que realiza os traslados de doentes desde os seus domicilios até os servizos sanitarios para recibir tratamentos programados de oncoloxía, quimioterapia, radioterapia, diálise, rehabilitación..., ou entre un centro hospitalario e outro, ou ao domicilio.

O concurso polo que a Xunta de Galiza ten adxudicado este servizo está caducado desde o pasado mes de agosto de 2019, anunciando o SERGAS ao sector unha prórroga de seis meses até o mes de Febreiro de 2020.

En espera de que o Sergas faga pública a convocatoria dun novo concurso, saltan as alarmas diante de informacións publicadas no senso de que parte dos servizos que veñen prestando até o de agora polas ambulancias poden pasar a realizarse a través de taxis ou VTCs. De producirse este feito sería un novo paso na liberalización e mercantilización dun servizo esencial como é a atención sanitaria, con consecuencias negativas tanto na calidade asistencial como no ámbito laboral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na concesión actual todos os desprazamentos realízanse en ambulancia, que son vehículos adecuados e preparados para este tipo de traslados e que contan con técnicos con formación e unha titulación específica para atender aos e ás doentes.

En Galiza o transporte sanitario ven regulado no Decreto 52/2015, do 5 de marzo, no que se establecen as condicións técnicas requiridas aos vehículos, ambulancias, que prestan o servizo de transporte sanitario por estrada, así como a dotación de persoal precisa e a cualificación profesional requirida.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Ten pensado o Goberno galego recortar servizos que na actualidade se realicen en ambulancia de cara ao novo concurso do transporte sanitario non urxente e en particular abrir a posibilidade de que se podan realizar traslados de diálises, determinados tratamentos e/ou rehabilitacións en taxis e/ou VTC?

-Coida que se podería realizar este servizo con calidade asistencial se pasaren a prestalo vehículos e profesionais non sanitarios?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 16/09/2020 16:58:33

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2020 16:58:36



Á Mesa do Parlamento

Luis Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Os veciños e veciñas do concello de Antas de Ulla sofren as consecuencias das políticas desacertadas dos gobernos do Partido Popular, tanto no concello como na Xunta de Galicia, para garantir unhas condicións de vida que permitan facer unha vida nos ámbitos rurais cuns estándares mínimos de calidade e existencia de servizos.

Recentemente, o grupo municipal socialista neste concello lucense viuse obrigado a convocar, por segunda vez en poucos meses, un pleno extraordinario para pedir unha solución á asistencia sanitaria ao existir unha máis que evidente carencia de médicos e persoal sanitario, xa que cada vez que se inicia un período de vacacións, no centro de saúde só hai un facultativo para atender á toda poboación. Unha soa doutora para atender aos pacientes que acoden á consulta e para atender á vez tamén as consultas nos domicilios particulares e ás urxencias que poidan xurdir, polo que, si o persoal sanitario ten que saír do centro de saúde para atender unha urxencia nun domicilio o centro de saúde queda completamente desatendido.

En Galicia en xeral e en Antas de Ulla en particular, o envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde, cuestións que aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

A incoherente resposta ante esta demanda que se da entre o concello e a Xunta de Galicia é que se vai a facer un novo centro médico o que, evidentemente, celebramos, pero que nada ten que ver coa dotación de persoal sanitario; de nada servirá para a atención á poboación a existencia de novas



instalacións se non se garante persoal suficiente para que esas instalacións dean resposta a aquilo para o que foron concibidas e construídas.

Polo exposto, os deputados e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria en Antas de Ulla é satisfactoria ao longo de todo o ano?
- 2.^a) Considera a Xunta de Galicia que, dada a poboación do concello de Antas de Ulla a asistencia sanitaria correcta queda garantida cun único facultativo?
- 3.^a) Considera a Xunta de Galicia que o feito de anunciar a construción dun novo centro de saúde garante de xeito inmediato unha asistencia sanitaria correcta?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2020

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/09/2020 17:01:07

Patricia Otero Rodríguez na data 16/09/2020 17:01:17

Julio Torrado Quintela na data 16/09/2020 17:01:28



Á Mesa do Parlamento

Luis Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

As escola infantís son un entorno de desenvolvemento onde os nenos pasan unha gran parte da súa infancia e despregan relacións significativas que os axudan a medrar.

Dende que a Rede Europea da Atención á Primeira Infancia publicase en 1996 os seus compromisos de desenvolvemento dos servizos da primeira infancia co fin de garantir a igualdade de oportunidades para homes e mulleres desde o nacemento, abordáronse tanto os aspectos cualitativos como os cuantitativos destes servizos. Os expertos de todos os estados membros da Rede concluíron un informe que propoñía obxectivos específicos para a implementación da calidade nos servizos da infancia cunha serie de obxectivos entre os que figura que a planificación da contorna e a súa organización espacial, incluída a distribución o mobiliario e o equipamento, debe reflectir a filosofía educativa do servizo, así como ter en conta a opinión das familias e do persoal.

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, e segundo a información da propia consellería de Política Social, as escolas infantís da rede “A Galiña Azul” están dirixidas a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos, tratándose dun servizo público de atención á infancia, educativo asistencial, que busca adaptarse ao concepto de familia do século XXI e permitir a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega, ao tempo que facilita a súa inserción no mercado laboral.

A Escola de educación infantil de Antas de Ulla pertence a á rede de escolas infantís do consorcio galego de servizos sociais e atópase dentro das instalacións do centro de educación infantil e primaria deste concello.

Ademais de adaptarse ao concepto de familia do século XXI, sería moi pertinente que as instalacións nas que se desenvolve esta importante actividade tamén se adaptasen ás esixencias dos estándares mínimos de calidade.



Pero ese non é o caso desta escola, que ven sendo obxecto de constantes reivindicacións para mellorar as dotacións, xa que as docentes comparten un só aseo cos alumnos (nenos de 0 a 3 anos), non hai patio exterior, contan cunha única estancia para xogar, comer e durmir, un acceso de entrada única a través do corredor do ximnasio do colexio con escaleiras e 2 portas.

Todas estas deficiencias son sobradamente coñecidas tanto polo Concello de Antas de Ulla como pola consellería de Política Social sen que se teña feito ningún avance para mellorar as instalacións.

Esta situación levou a que o grupo municipal socialista no concello se vise obrigado a convocar un pleno para pedir que para ou ben se realice unha mellora integral do espazo actual ou ben se traslade a Escola Infantil a un local máis axeitado.

Polo exposto, o deputado e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) É coñecedora a Xunta de Galicia das demandas existentes con respecto ás instalacións da Escola de educación infantil da rede “Galiña azul” de Antas de Ulla?

2.^a) Considera que esas demandas deben ser atendidas? De ser así, cando pensa levar a cabo as actuacións necesarias para resolver as deficiencias existentes?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2020

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/09/2020 17:01:42

Patricia Otero Rodríguez na data 16/09/2020 17:01:52





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2020 17:07:09
Nº Rexistro: 2017
Data envío: 16/09/2020 17:07:09.905

Marina Ortega Otero na data 16/09/2020 17:02:03

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGjvYTF96f4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao peche dos consultorios de Paradela, en Meis, e Vilaxoán en Vilagarcía.

Exposición de motivos

Tras o inicio da pandemia orixinada pola COVID-19 o Sergas tomou a decisión de pechar centros de saúde, e de xeito especial os consultorios. O motivo alegado foi que nestes centros era difícil poñer en práctica as medidas de protección para evitar o contaxio polo virus tanto de profesionais como de doentes, en especial a imposibilidade de establecer circuitos diferenciados para persoas con patoloxías habituais e as respiratorias.

Esta medida foille aplicada aos consultorios de Paradela no concello de Meis e ao de Vilaxoán en Vilagarcía. Que a día de hoxe seguen pechados.

Deste xeito desde que se decretou o estado de alarma, a atención das máis de 1.100 persoas que estaban adscritas ao consultorio de Paradela pasaron a ser atendidas só telefonicamente, cando precisan ser atendidas presencialmente teñen que desprazarse a Cambados. A enfermeira que había neste centro, trasladárona ao centro de saúde da Rochela (Mosteiro).

A isto hai que engadir que x facultativx que atende en San Martiño tamén con arredor de 1.100 cartillas non é substituído durante as súas vacacións. O resultado é que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actualmente o médico da Rochela (Mosteiro) ten que atender a 2.800 cartillas, as propias e aos de San Martiño. Sobrecarga asistencial para uns e desprazamentos de quilómetros outros é a situación sanitaria no concello de Meis.

De igual xeito acontece co consultorio de Vilaxoán, onde 1.700 xs veciñxs pasaron de ter atención sanitaria próxima a ter que desprazar ao centro de saúde de Vilagarcía de Arousa ben en autobús ou en taxi, o que supón en primeiro lugar un gasto económico para os usuarios e usuarias, ou ben depender doutras persoas para o seu traslado e ser atendidxs nun centro tamén con sobrecarga de traballo.

O BNG súmase á preocupación da veciñanza ao ver como pasan os meses e o que se podía entender como unha medida de urxencia, todo indica que o Sergas quere convertela en definitiva ,toda vez, que non ofrece alternativas, nin acepta as que se ofrecen como no caso do concello de Meis de realizar obras para crear o dobre circuío. Todo indica que queren consolidar a estratexia de pechalos que xa tentaron noutras ocasión e só a presión dxs veciñxs conseguiu paralizar.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai reactivar o Sergas a atención sanitaria presencial nos consultorios de Paradela e Vilaxoán?

Está traballando con algún cronograma para facelo?

Se é así cal é?

Coida que xs veciñxs que eran atendidxs nestes consultorios están a recibir na actualidade unha atención sanitaria de calidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera que a atención telefónica e desprazamentos de quilómetros son alternativas?

Teñen intención de restituír a atención pediátrica no concello de Meis?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2020 18:13:36

Iria Carreira Pazos na data 16/09/2020 18:13:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recollida, xestión e tratamento dos residuos sólidos urbanos é unha materia central para construír sociedades máis sustentábeis e loitar eficazmente contra a emerxencia climática. No noso contexto existe normativa de ámbito europeo, estatal e galego que establece o marco para a xestión destes residuos e fixa a planificación con medidas e obxectivos temporais concretos para cada tipo de residuo. Trátase da Directiva Marco de Residuos de 2008, da Directiva Europea de Residuos (actualización de 2015 e seguintes, paquete de medidas de Economía Circular), da Lei 22/2011 de residuos e solos contaminados, o Plan Estatal Marco de Xestión de Residuos 2016-2022 (PEMAR) e o Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia (PXRSUG) na súa versión inicial e na actualización de 2016.

A realidade é que se trata dunha normativa cambiante, en constante evolución na dirección de establecer obxectivos máis esixentes, especialmente no que ten a ver coa fracción maioritaria dos RSU, os residuos orgánicos ou biorresiduos, que supoñen aproximadamente o 50%.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O artigo 24 da lei 22/2011 de residuos e solos contaminados establece que os plans autonómicos deben incluír medidas para a recollida separada dos biorresiduos e o seu tratamento posterior, a compostaxe doméstica e o uso de compost producido a partir de biorresiduos. Na actualidade está en tramitación unha revisión deste artigo, que no borrador establece o seguinte:

-Obriga da recollida separada dos biorresiduos para destinalos á compostaxe ou á dixestión anaerobia.

-Garantir que o tratamento de biorresiduos recollidos separadamente se realice através de compostaxe doméstica ou comunitaria, ou en instalacións específicas.

Pola súa parte o PEMAR establece que as comunidades autónomas deberán revisar os seus plans para adaptar a súa estrutura, obxectivos e período de vixencia e avaliación, así como especificar como se enfoca a xestión dos biorresiduos neses plans conforme o establecido no PEMAR. O obxectivo é que antes de 2020 a cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a reutilización e o reciclado (papel, vidro, metais, plástico, biorresiduos e outras fraccións reciclabeis deberá alcanzar como mínimo en conxunto o 50% ao peso.

A Xunta de Galiza revisou en 2016 o PXRSU para adaptalo ao PEMAR e nesta revisión fíxanse os seguintes obxectivos a respecto da compostaxe:

-Tratamento de 245.000 tn de biorresiduos para compostaxe

-Ademais das plantas xa existentes (Nostián, Lousame e O Morrazo), construción dunha nova planta de Cerceda e 10 plantas de ámbito local/comarcal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Creación doutras infraestruturas: microplantas, autocompostaxe e compostaxe comunitaria.

Ademais de cumprir estritamente a xerarquía de residuos, a compostaxe dos biorresiduos axústase aos principios de autosuficiencia e proximidade, ademais da corresponsabilidade, que deben orientar unha xestión sustentábel dos RSU. E fica claro que non se poden cumprir os obxectivos marcados na normativa europea e estatal se non se potencia o tratamento dos biorresiduos para a compostaxe.

Neste sentido, por parte do goberno do Estado impulsáronse experiencias piloto de fomento da compostaxe que inclúen a xestión mediante instalacións comunitarias, ademais da compostaxe doméstica. Tamén a Deputación de Pontevedra promove o Plan Revitaliza, que contempla a compostaxe doméstica, comunitaria e en planta. E a propia Xunta de Galiza no PXRSU contempla uns obxectivos de compostaxe que non se están a cumprir porque na práctica a administración galega vai en dirección contraria cos macrocontratos para a ampliación da capacidade da planta de SOGAMA.

A compostaxe comunitaria é unha vía imparábel e de futuro, polo que debe ser promovida polas administracións. E a Xunta de Galiza debe liderar este proceso, procurando un gran acordo a este respecto coas entidades locais e todos os axentes sociais. Lamentablemente, o anteproxecto de lei de residuos actualmente en tramitación non dá unha resposta acaída para este importante desafío da nosa sociedade. Mais aínda estamos a tempo de corrixir o rumbo e situarnos á cabeza de Europa con solucións avanzadas, eficaces e respectuosas co medio.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Como prevé a Xunta de Galiza cumprir o obxectivo de que en 2020 a cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a reutilización e o reciclado (papel, vidro, metais, plástico, biorresiduos e outras fraccións reciclabeis) alcance como mínimo en conxunto o 50% ao peso?
2. Vai promover o goberno galego un gran acordo sobre o tratamento dos residuos urbanos e nomeadamente para o fomento da compostaxe dos biorresiduos?
3. Que medidas prevé desenvolver a Xunta de Galiza para o fomento da compostaxe doméstica e comunitaria?
4. Comparte o goberno galego a oposición á compostaxe comunitaria por parte de dirixentes locais do PP?
5. Como prevé cumprir o obxectivos sobre compostaxe recollidos na revisión de 2016 do PXRSU de Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 16/09/2020 18:29:00

Alexandra Fernández Gómez na data 16/09/2020 18:29:03

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2020 18:29:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co Decreto de Acción Exterior aprobado en 2015 a Xunta de Galiza optou por unha política exterior dependente, subordinada e pouco ambiciosa. O 1 de febreiro de 2018 o Consello da Xunta aprobou a Estratexia de Acción Exterior de Galicia, que concreta o marco creado polo Decreto nun documento xeralista, sen prioridades claras, sen liñas estratéxicas e sen medidas orzamentarias.

Na actualidade, a Xunta de Galiza carece dunha auténtica política de acción exterior. Non hai coordinación efectiva ao máis alto nivel, como o demostra o feito de que as competencias na materia teñan o rango de Dirección Xeral. De aí que en lugar dunha acción coordinada e conxunta teñamos unha suma de accións desconectadas e illadas de cada departamento. O Consello de Acción Exterior, creado polo Decreto 368/2009, é un organismo pouco operativo, que nin sequera se reúne coa periodicidade prevista. Tampouco existe desde a Xunta interese en coordinar e impulsar a acción exterior das cidades e en cooperar coas universidades na súa proxección internacional.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, cando se cumpriron 5 anos da entrada en vigor da Lei de aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, non existe un balance nin unha folla de rota a este respecto, e moitas das expectativas creadas pola Lei Paz Andrade ficaron nunha declaración de boas intencións. Mentres en Galiza esta materia segue a ser unha asignatura pendente, outras comunidades como Extremadura están a facer os deberes e levan moita vantaxe ao respecto.

O pasado 18 de xullo o Consello da Xunta deu inicio á tramitación do anteproxecto de Lei de Acción Exterior e Cooperación, que deberá fixar os obxectivos, as prioridades e as liñas de actuación neste ámbito. A elaboración dunha norma destas características debería ser obxecto dun amplo proceso de interlocución social e institucional, coa participación de persoas expertas, universidades, centros de estudo e análise, concellos, organizacións non gubernamentais de cooperación, e de todos os sectores sociais, económicos e culturais que teñen intereses e presenza no exterior.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que balance fai o goberno galego da aplicación da chamada Lei Paz Andrade?
2. Que prioridades ten a Xunta de Galiza en relación coa Lusofonía?
3. Considera de interese a creación do Observatorio Galego da Lusofonía?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Que xestións fixo a Xunta de Galiza a respecto da Casa da Lusofonía?
5. Que valoración fai o goberno galego do primeiro ano e medio da Estratexia Galega de Acción Exterior?
6. Ten previsto a Xunta de Galiza convocar e reactivar o Consello Galego de Acción Exterior?
7. Que previsións ten a Xunta de Galiza a respecto do impulso da formación en materia de cooperación e acción exterior?
8. Considera de interese colaborar coas cidades para a elaboración e desenvolvemento das Bases de Acción Exterior das cidades?
9. Considera o goberno galego necesario abrir un proceso participativo, en coordinación con todos os sectores sociais, económicos e culturais e con todos os axentes institucionais, para a que a Lei de acción exterior e cooperación teña carácter integrado e sexa froito do maior diálogo e consenso posíbel?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/09/2020 19:13:50

Iria Carreira Pazos na data 16/09/2020 19:13:54

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2020 19:14:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta de Galiza do 12 de xuño adoptou unha serie de medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que foron modificadas por un novo acordo do 25 de xuño. Entre esas modificacións recollíase o uso obrigatorio da máscara en determinadas circunstancias, tanto ao aire libre como en espazos pechados de uso público ou abertos ao público. E, nese sentido, finalmente, producíronse novas modificacións no Consello da Xunta de Galiza do 17 de xullo.

Neste último, ampliáanse os supostos aos que se aplica a obriga xeral do uso da máscara, establécense regras específicas e contémplanse excepcións a esa obriga, que non se exixirá, entre outros supostos, “Nas praias e piscinas, durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poda garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non convivintes. En calquera caso, será obrigatorio o uso da máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias e piscinas”.

O pasado día 14 aperturouse a campaña marisqueira 2020/21 e, nos días previos ao seu comezo, levouse a cabo a instalación de carteis informativos da Xunta de Galiza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sobre a “prevención e saúde laboral ante o coronavirus”, tanto para o marisqueo a pé como a flote.

No caso concreto do marisqueo a pé, os carteis recollen que “o uso de máscara é obrigatorio aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros”.

Resulta evidente que, a estas alturas, a proliferación de normas e a sucesiva modificación das mesmas non ten contribuído a que a sociedade, en xeral, e os distintos ámbitos de traballo en particular, distingan cales son os supostos nos que a máscara é de uso obrigado ou non. Mais esta situación vólvese aínda máis confusa cando as normas non están suficientemente definidas e cando é a propia administración a que se contradí a si mesma nas distintas normativas e nas súas mensaxes á cidadanía.

Por outra banda, o uso da máscara nun traballo como é o marisqueo a pé, na auga, é posíbel que non sexa moi viábel debido ás características da actividade e a que non están deseñadas para un traballo en húmido, e mesmo poden representar un perigo para as persoas que a leven se non son do material axeitado ao medio mariño. Ademais, habería que ter en conta que as traballadoras están ao aire libre e a máis de 1,5 metros de distancia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Considera a Xunta de Galiza que a súa propia normativa sobre medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 é o suficientemente clara e precisa en todos os casos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- De ser así, no caso do sector do marisqueo a pé cal é a que rexe exactamente e a que teñen que cumprir as traballadoras do sector?

3.- Considera o goberno galego que o uso da máscara no sector do marisqueo a pé é viábel e non representa ningún perigo para as persoas que a levan?

4.- Coñece a Xunta de Galiza cales son as máscaras máis acaídas para o medio mariño?

5.- Está disposto o goberno galego, no caso de consideralas obrigatorias, a proporcionarlle ás traballadoras do marisqueo a pé as máscaras cuxo material este indicado para o medio mariño?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 17/09/2020 11:03:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 17/09/2020 11:03:54

Rosana Pérez Fernández na data 17/09/2020 11:04:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos foi cobrando forza o debate sobre o modelo urbano e a necesidade de avanzar cara a cidades e vilas que poñan no centro as persoas, a convivencia, a cohesión e integración social, así como a protección da saúde, do medio e da biodiversidade

A actual crise sanitaria, social e económica provocada pola COVID 19 acelerou o debate sobre os modelos urbanos, poñendo en primeiro plano a necesidade de transformacións profundas na organización da vida nas nosas vilas e cidades.

A experiencia do BNG nos gobernos municipais é un aval para impulsar desde o goberno galego unha nova etapa en relación coa Axenda e o Modelo Urbano, no marco das Estratexias definidas na Axenda Urbana 2030 e nos Obxectivos para o Desenvolvemento Sostíbel das Nacións Unidas, e tendo en conta tamén a necesidade de artellar plans de adaptación e de mitigación fronte á emerxencia climática. Trátase de aproveitar o mellor das experiencias de éxito desenvolvidas en todo o mundo, mais tamén de procurar solucións propias, adaptadas á realidade e ás necesidades do noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O goberno galego ten que impulsar e liderar esta transformación urbana, nun proceso participativo e en diálogo coas entidades locais e cos axentes sociais, co obxectivo de aprobar no prazo máximo de un ano a Axenda Urbana Galega 2030.

Esta Axenda debe ter como obxectivo central converter as cidades e vilas galegas en referentes de calidade de vida, benestar, integración social, equilibrio ambiental e dinamismo socioeconómico e cultural.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que liñas de actuación desenvolveu a Xunta de Galiza en materia de Axenda Urbana?

Abriu o goberno galego vías de diálogo con axentes sociais e institucionais para elaborar e aprobar a Axenda Urbana?

Ten previsto a Xunta de Galiza elaborar a Axenda Urbana Galega? En que prazo?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 17/09/2020 12:05:33

Paulo Ríos Santomé na data 17/09/2020 12:05:36

Xosé Luis Bará Torres na data 17/09/2020 12:05:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz e Manuel Lourenzo Sobral, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No CEIP nº 1 de Melide van comezar obras estruturais o próximo luns 21 de setembro. Obras que van inutiliza-los espazos de recreo exteriores, ademais doutras molestias e adversidades educativas.

Con este panorama, a comunidade educativa tiña previsto utilizar coma espazo de recreo rotatorio a aula de música que é bastante espaciosa.

O terceiro curso de primaria conta con 25 alumnxs matriculadxs, cinco delxs con necesidades de atención especial debido a enfermidade crónica grave e problemas respiratorios e de alerxia. O lóxico e agardado era que desde inspección se resolvese o desdoblamento ademais dun/dunha coidadxr.

Inexplicablemente non foi así. Nin unha cousa nin outra. É máis, a solución á que chegou inspección despois de moito devana-la cabeciña foi utiliza-la antedita aula de música para imparti-las clases de 3º e utiliza-la vella aula de terceiro xunto coa de música para recreo.

Os escritos remitidos polos pais/nais destes alumnos non foron contestados. Tampouco houbo a boa educación de parte do servizo de inspección de poñerse en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contacto con eles/elas para falar do asunto dos seus fillxs. Vaia, toda unha lección de boas maneiras.

E nesas estamos. Mentres tanto os pais e nais dos alumnos de terceiro, temerosos e enfadados polas, maneiras, polos silencios e polas carencias, non mandan a clase ós seus fillos e fillas orixinándose así un conflito innecesario que afecta negativamente ós/ás 25 nenxs.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

--Cal é a explicación para comeza-las obras cun retraso de arredor de dous meses?

--Cales son as razóns de tipo pedagóxico, se as houber, para non face-lo desdoblamento debido da unidade de 3º de Primaria do CEIP nº 1 de Melide?

--Cal é a razón pola que vista a necesidade dun/dunha coidador/a non se dota desta figura?

--Cal é a razón do silencio e da negación do dialogo debido cos pais/nais en conflito de parte da Inspección Educativa?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/09/2020 12:25:18

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/09/2020 12:25:22



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A aparición da pandemia da COVID-19, fai que nos atopemos ante unha situación excepcional, e nunca antes vivida, que puxo de relevo as enormes dificultades de tódolos nosos sistemas, e especialmente o educativo.

Dende o peche dos colexios, como medida preventiva ante a pandemia, enfrontámonos a un escenario de incerteza no que lle corresponde ao Goberno autonómico dar respostas á comunidade educativa.

A educación é un dereito que debemos protexer sempre, e especialmente nas circunstancias máis duras. En situacións de emerxencia, a educación ofrece protección e reduce as repercusións psicosociais dunha crise ao ofrecer un sentimento de normalidade, estabilidade, estrutura e esperanza, proporcionando ademais elementos esenciais para a estabilidade económica no futuro.

A Xunta de Galicia, como órgano competente, debe garantir o dereito fundamental a unha educación pública de calidade.

O Goberno e as comunidades autónomas, reunidas nunha conferencia multisectorial sobre educación e sanidade, no documento Declaración de accións coordinadas en saúde pública contra a COVID-19 para centros educativos durante o curso 2020-2021, publicado o 27 de agosto do 2020, entre outras disposicións, establece os grupos de convivencia estable, como alternativa ideal para organizar os diferentes cursos de infantil e primaria (debido á maior dificultade para manter a distancia interpersoal nestas idades) e recomenda que estes grupos teñan un número reducido de alumnado: “Desde nenos e as nenas máis novas teñen maiores dificultades para cumprir a distancia e, á súa vez, teñen unha necesidade de maior interacción e proximidade no coidado do cumprimento dos obxectivos educativos e do seu adecuado desenvolvemento, a mellor alternativa é o establecemento de grupos convivencia estable. Estes grupos estarán formados por un pequeno número de alumnos e un titor de referencia.”



Que, dende hai anos, o CEIP Barcelos de Pontevedra, conta na súa aula de 4º de Educación Infantil cunha matrícula de algo máis de 25 alumnos, e as ensinanzas neste centro organizáronse sempre en dous grupos diferentes (aula e profesor).

O pasado mes de xullo, por parte da Inspección Educativa, comunícase ao colexio a intención de suprimir unha clase de infantil de 4º para o curso 2020/2021, xustificando que había 19 alumnos matriculados neste curso, e a intención era centralalos nunha soa aula.

Tras este aviso durante o verán formalizáronse 4 matrículas máis, sendo na actualidade 23 alumnos/as os matriculados en 4ª de Educación Infantil, sendo este dato provisional xa que podería haber máis matriculados despois do prazo.

Esta decisión tomada pola Consellería de Educación, parécenos totalmente inadecuada, dadas as actuais circunstancias sanitarias e os correspondentes medios e instalacións xa existentes, precisamente neste curso é máis necesario que nunca manter a planificación grupal dos anos anterior e non aumentar o rateo, actuando da forma contraria ao que recomendan as autoridades sanitarias e a OMS.

No CEIP Barcelos, a diferenza doutros centros educativos nos que pode haber o problema da falta de espazo para dividir grupos de alumnos e habilitar as chamadas 'aulas COVID', se conta coa infraestrutura necesaria para reducir a concentración de alumnos e lograr así unha maior seguridade para os nosos/as fillos/as.

Conta con varios espazos que se poderían empregar para "aulas COVID", polo que non sería necesario empregar unha das aulas de 4º de Infantil para ese fin, razón na que se escuda a Consellería.

A idea de xuntar dous grupos existentes dende fai anos, aumentando así a rateo de alumnos por aula, non é recomendable en ningún curso pero no caso de nenas e nenos de 3 anos, a imprudencia é aínda maior, debido á súa frecuente tendencia a infectarse con todo tipo de enfermidades víricas, e debido ás dificultades inherentes á súa idade para adaptarse ás novas normas e protocolos.

Polo que o mantemento de dous grupos máis reducidos entendemos que é esencial para traballar con grupos de convivencia estable que se poidan formar en novos modos e hábitos de hixiene e comportamento, distanciamento social, en definitiva poder reducir os contaxios.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Porque a Xunta de Galicia está a actuar de forma contraria ao que recomendan as autoridades sanitarias e a OMS, no ámbito educativo, xuntando as aulas de menos de 15 alumnos e aumentando asía rateo de alumnos por aula?
2. Porque a Xunta de Galicia, en plena pandemia da COVID-19 pretende suprimir un dos grupos de 4º Infantil do CEIP Barcelos, cando dende fai anos hai dous grupos?
3. Por que reduce esta aula xusto neste momento de pandemia?
4. Cree que isto é unha xestión responsable no momento actual que nos atopamos?
5. Non considera a Xunta de Galicia que unha aula con 12 alumnos é máis recomendable para evitalos contaxios que unha aula de 23?
6. Cree que con 23 alumnos pode manterse nunha aula de nenos e nenas de 3 anos a distancia social?

Pazo do Parlamento, 17 de setembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Luis Manuel Álvarez Martínez
Noa Díaz Castro
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 17/09/2020 13:34:26

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/09/2020 13:34:35

Noa Susana Díaz Varela na data 17/09/2020 13:34:45



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A atención sanitaria en O Salnés vén sendo especialmente abandonada pola actual Consellería de Sanidade, que vén prexudicando especialmente a esta comarca, sen coberturas de profesionais e con parálise na necesidade de construción de novos centros de saúde necesarios. Estes erros repercuten de maneira global en todos os concellos, pois a atención abandonada nun deles repercute na saturación dos centros de saúde máis próximos, e especialmente nos PAC.

Esta política de desatención nótase de feito especial no Concello de Meis. A atención sanitaria de Meis ofrécese en puntos dispersos no territorio do concello, que distribúen o servizo e a asistencia de maneira repartida. Durante este verán os veciños e veciñas veñen sufrindo a política de recortes aplicada polo goberno de Núñez Feijoo, pola que non se substituíron os e as profesionais de vacacións e perdeuse o servizo de pediatría.

Esta situación provocou unha intensa mobilización cidadá na localidade, e a constitución de colectivos en defensa da sanidade pública que reivindicaban unha maior e mellor atención, eficiente e coa cobertura de persoal durante todo o ano. A pesares disto, o caso recibido pola Xunta de Galicia segue a ser nulo. A percepción está en que a persoa que atende a especialidade de pediatría non o fai na localidade de Meis, véndose os nenos e nenas forzados a acudir ao xa saturado centro de saúde de Baltar (Sanxenxo). O centro de saúde de Mosteiro, ademais, está atendido este mes de setembro por un so profesional, con demasiada carga asistencial para poder dar resposta a todas as peticións. Isto súmase a que o centro de Paradela está sen atención sanitaria durante este verán, que segue sen ser resposta.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria aos veciños e veciñas de Meis foi satisfactoria durante os meses de verán?



2. Ten previsto a Xunta de Galicia resolver os problemas de falta de persoal nos centros sanitarios de Meis á maior brevidade?
3. Pode garantir a Xunta de Galicia que non volverá a ocorrer unha situación semellante en Meis que impide ofrecer unha atención sanitaria en condicións e sen saturar aos profesionais en exercicio?

Pazo do Parlamento, 17 de setembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 17/09/2020 13:41:12

Marina Ortega Otero na data 17/09/2020 13:41:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o tempo de tramitación das axudas á dependencia, a listaxe de agarda para a percepción da prestación e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente a Xunta de Galiza foi condenada polo TSXG a pagar a prestación dun dependente falecido á súa filla após seis anos de silencio administrativo. A actitude do Goberno galego durante todos eses anos foi considerada polo alto tribunal como “censurable” e “reprobábel”.

Este caso concreto, coas súas particularidades, pon de manifesto, unha vez máis, a realidade que viven centos de persoas en Galiza. Persoas dependentes que tendo dereito a recibir unha prestación, de acordo coa Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, agardan durante anos a recibila chegando mesmo a falecer durante a espera.

De feito, segundo os datos publicados pola Asociación estatal de directoras e xerentes en servizos sociais, en Galiza durante os seis primeiros meses de 2020 faleceron 388 persoas mentres agardaban a prestación que tiñan recoñecida e 7 morreron esperando a ser valoradas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Detrás das cifras hai nomes e apelidos, persoas de carne e óso especialmente vulnerábeis ás que se lles están a negar dereitos.

Certo é que nos últimos anos a Xunta de Galiza e, concretamente, a Consellaría de Política Social axilizou a tramitación dos expedientes reducindo de maneira considerábel as listaxes de agarda, que chegaron a superar as 30.000 persoas no noso país. Porén, aínda hoxe hai 6.400 persoas esperando e a Xunta de Galiza continúa a incumprir o tempo medio de tramitación dos expedientes.

De acordo cos datos dispoñíbeis, no noso país o tempo medio de tramitación é de 341 días, case un ano, cando a lexislación fixa un máximo de seis meses (180 días) “entre a data de entrada da solicitude e a de resolución de recoñecemento da prestación de dependencia” (Disposición final primeira).

Este non é o único incumprimento da denominada Lei de dependencia. Desde o Bloque Nacionalista Galego temos denunciado en innumerábeis ocasións o agravio do Estado español coas persoas dependentes ao non asumir as súas obrigas a respecto das achegas orzamentarias a estas axudas que deberán ser asumidas de maneira compartida (ao cincuenta por cento) pola administración central e a autonómica. Porén, o goberno español nunca, desde a aprobación da lei, achegou tan contía.

Por todo o formulado anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cantas persoas se atopan actualmente en listaxe de agarda para recibir unha prestación de dependencia en Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cumpre a Xunta de Galiza co tempo legal establecido na tramitación dos expedientes?

- Que medidas pensa adoptar o Goberno galego ao respecto?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/09/2020 13:41:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A sentenza do Xulgado de Primeira Instancia de A Coruña sobre o Pazo de Meirás establece que este inmóbel é propiedade do Estado e declara non válida a venda simulada coa que os herdeiros do ditador acreditaban a posesión da devandita propiedade a título particular.

Sen dúbida estamos diante dun feito histórico, cargado de grande simbolismo e relevancia por canto é a primeira vez que unha sentenza reconece que as actuacións para a entrega deste ben a Francisco Franco foron realizadas nun contexto de extorsión e terror, que o Pazo foi durante décadas residencia da máxima autoridade do Estado, e que as obras acometidas no inmóbel tanto de mellora como de ampliación foron realizadas a costa do erario público.

2. A loita pola recuperación do Pazo de Meirás é un proceso colectivo que se inicia a finais dos anos 70 do século XX e que se intensifica a partir de comezos dos anos 2000. Trátase dunha andaina colectiva que se desenvolve en tres fronte





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A mobilización social, iniciada no ano 2005 pola Comisión Pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, e que tivo un dos seus fitos principais na ocupación simbólica do Pazo o 30 de agosto de 2017.

- A investigación histórica para documentar o espolio, na que é fundamental o labor dos historiadores Carlos Babío e Manuel Pérez Lorenzo, que cristalizou a finais de 2017 na publicación do libro Meirás: Un Pazo, un Caudillo, un espolio, editado pola Fundación Galiza Sempre.

- A acción institucional, liderada desde o comezo pola Deputación da Coruña a través da Vicepresidenta Goretti Sanmartín, e á que se foron sumando as institucións agrupadas na Xunta Pro Devolución creada en agosto de 2017, o parlamento galego, a Xunta de Galiza e o goberno do Estado mediante a presentación da demanda da avogacía do Estado en xullo de 2019.

3. Malia o grande avance que supón a sentenza xudicial, a realidade é que os Franco seguen gozando dun ben que foi resultado dun espolio e as visitas seguen sendo xestionadas por unha entidade, a Fundación Franco, que utiliza estas actividades para facer apoloxía da Ditadura e do Ditador e para atacar institucións e entidades democráticas.

E se ben a sentenza non é firme e cabe a posibilidade de recursos, o certo é que as institucións públicas deben velar pola súa execución provisional co obxecto de restituír a propiedade ao patrimonio público, velar pola integridade doutros bens tamén resultado do espolio, e garantir a súa apertura e o seu aproveitamento como espazo histórico, da memoria democrática, cultural e turístico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

1. Apoia o goberno galego a petición por parte da avogacía do Estado da execución provisional da sentenza sobre o Pazo de Meirás? Fixo algunha valoración xurídica desta opción e algunha xestión ao respecto?
2. Como valora a Xunta o feito de quer a Fundación Franco siga xestionando as visitas ao Pazo de Meirás e utilizando estas actividades para difundir un relato histórico falsificado e ideas contrarias aos dereitos humanos e aos valores democráticos?
3. Ten previsto a Xunta estudar xunto co concello de Sada e a Deputación da Coruña a fórmula máis acaída para unha posíbel xestión pública do Pazo de Meirás?
4. Considera necesario o goberno galego traballar conxuntamente coa Deputación da Coruña, co concello de Sada e con entidades sociais para que a xestión do Pazo de Meirás inclúa o relato completo da súa historia, desde que foi propiedade da escritora Emilia Pardo Bazán até a actual sentenza?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2020

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 17/09/2020 14:01:46

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/09/2020 14:01:49

Xosé Luis Bará Torres na data 17/09/2020 14:01:59



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O control dos recursos pesqueiros é unha ferramenta imprescindible para xestionar a maior eficiencia na explotación e rendemento do traballo no mar, e para isto son necesarios regulamentos claros, actuación dilixente e clara por parte da administración e cumprimento por parte do sector extractivo.

O réxime de sancións, incluído e clarexado en toda normativa sobre limitacións e control de explotación de recursos, debe ser aplicada con rigorosidade, procurando non ser laxa para non facilitar a evitación e tampouco excesiva para non ser inxusta coas situacións lindeiras. Ademais debe ser firme e clara, para evitar discrecionalidade e inxustizas de execución e interpretación.

Este escenario non parece darse nalgún caso concreto, como é o sucedido respecto da confraría de Rianxo na sanción referida ao 9 de maio de 2019. Neste caso o Goberno galego aplica unha sanción por incumprimento da normativa respecto da tenencia de ameixa babosa en talla non regulamentaria, o que non merece ningunha discusión. O problema radica na tipoloxía de sanción emitida, pois a imprescindible graduación incumpre os criterios establecidos, emitíndose unha sanción de contías equiparables a que o volume incautado fose superior ao 10 % de finalmente vendido na lonxa nese día, sendo constatado que non era así (331 kg incautados por 3445 kg vendidos en lonxa). Dado isto, estase instando por parte da Xunta de Galicia a unha sanción maior da que corresponde dada a situación.

Este proceso está xudicializado, máis é posible unha resolución máis áxil e rápida da cuestión se é posible comprobar os volumes e criterios utilizados.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galicia que a sanción referida emitida contra a Confraría de Rianxo está axustada á normativa publicada e corresponde cos feitos denunciados?



2. Que previsión ten a Xunta de Galicia sobre como actuar en función do proceso xudicial que está en marcha sobre esta denuncia e o recurso presentado pola confraría?

Pazo do Parlamento, 17 de setembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noa Díaz Varela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 17/09/2020 16:11:50

Noa Susana Díaz Varela na data 17/09/2020 16:11:58

Patricia Otero Rodríguez na data 17/09/2020 16:12:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O lugar de Couso, na parroquia de Aguiño do concello de Ribeira, está situado nunha área costeira de gran valor medio ambiental e protexida, onde ademais faise imprescindible que os recursos dos traballadores e traballadoras do mar sexan preservados xa que supoñen o medio de vida e de sustento dun gran número de familias da zona.

Sen embargo, hai xa moitos anos que a zona padece a instalación e actividade de diversas industrias e, máis recentemente, dunha EDAR deseñada para unha poboación de 19.000 habitantes.

En numerosas ocasións ao longo das últimas décadas, os veciños e veciñas da zona reiteraron moitas veces as súas queixas polos cheiros insoportábeis que padecen e que fan molesta, incómoda e insán a vida perto do lugar. Mesmo chegaron a recoller sinaturas solicitando que non se concedesen licenzas para industrias potencialmente contaminantes nese punto e na súa contorna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, tanto os propios veciños e veciñas como os mariñeiros teñen comprobado en múltiples ocasións a existencia de residuos no mar, da coloración da auga e da presenza de verteduras de aparencia aceitosa.

Nas últimas semanas volveu a haber denuncias públicas desta situación que amosan non só ata que límite produce cansanzo na veciñanza do lugar senón tamén grande preocupación.

A pesar das queixas resulta verdadeiramente sorprendente que ningunha administración teña tomado ata o de agora cartas no asunto e decidido investigar a procedencia tanto dos cheiros como das verteduras ao mar.

E sorprende precisamente por tratarse dunha zona medioambientalmente moi sensíbel e contar cunha importante produción pesqueira e marisqueira, na que mesmo ten lugar un dos eventos gastronómicos de produtos do mar máis coñecidos e recoñecidos no país.

Polo exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- É coñecedora a Xunta de Galiza da situación que están a padecer os veciños, veciñas e traballadores e traballadoras do mar no lugar de Couso, parroquia de Aguiño do concello de Ribeira, dende hai anos?

2.- De ser así, levou a cabo algunha actuación ao longo dos últimos anos para averigüar a procedencia das verteduras de todo tipo que se dan nesa zona?, con que resultados?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- De non ser así, vai actuar o goberno galego para investigar e solucionar as verteduras?, en que sentido?

4.- Ten constancia a Xunta de Galiza de que as empresas e a EDAR situadas no lugar de Couso dispoñan dalgún tipo de autorización de verteduras, nomeadamente de verteduras ao dominio público marítimo terrestre?

5.- Considera a Xunta de Galiza que a zona de Couso-Aguiño débese preservar, tanto medioambientalmente como no relativo ao coidado dos recursos mariños?

6.- Que valoración fai o goberno galego de que existan distintas verteduras no lugar de Couso-Aguiño dende hai anos e as administracións competentes, a propia Xunta de Galiza, non teña tomado medidas ao respecto?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 17/09/2020 16:36:48

María do Carme González Iglesias na data 17/09/2020 16:36:52

Rosana Pérez Fernández na data 17/09/2020 16:36:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os traballadores e traballadoras do mar en activo están obrigados a actualizar os seus coñecementos e, periodicamente, a obter os certificados de suficiencia correspondentes, imprescindíbeis para o desenvolvemento da súa actividade.

Ata hai cinco anos a renovación deses certificados era un simple trámite administrativo polo que se pagaba a taxa establecida e se obtiña o certificado por outro período de cinco anos acreditando a experiencia necesaria. Na actualidade, a renovación deses certificados conleva a realización dun curso que só está dispoñíbel a través de empresas privadas que cobran arredor duns 200 euros polo mesmo.

Os certificados afectados son: “Formación Básica en Seguridade”, “Avanzado na Loita Contra Lumes”, “Embarcacións de supervivencia e Botes de Rescate Non Rápidos” e “Botes de Rescate Rápido”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No 2021 expirará a validez dos certificados emitidos no 2016 e os traballadores e traballadoras do mar deberán aportar os cursos correspondentes requiridos para asumir as tarefas, os cometidos e as responsabilidades necesarias a bordo.

Os certificados son obrigatorios para todas as persoas profesionais da flota de baixura e, a realización desa formación supón un custo moi difícil de asumir para un número importante de mariñeiros aos que xa lles custa manter a súa actividade e uns mínimos ingresos. Os cambios normativos non poden significar unha carga económica máis, que incluso podería abocar en moitos casos ao abandono da actividade ou ao seu desenvolvemento sen a obtención do necesario certificado.

Por outra banda, hai que ter en conta que o ISM dispón de centros de formación propios e de centros locais ou comarcais distribuídos polo territorio, que poderían asumir a impartición gratuíta dos cursos e evitar así que as traballadoras e traballadores do mar teñan que recorrer aos cursos ofertados por empresas privadas e facerlle fronte aos custos que supoñen.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- É coñecedora a Xunta de Galiza da exixencia á que están obrigados os traballadores e traballadoras do mar ao teren que facer os cursos de mantemento da competencia en centros privados e do custo que isto lles supón?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Que actuacións levou, ou vai levar, a cabo o goberno galego para que esa situación non se manteña como na actualidade?

3.- Que pasos vai dar a Xunta de Galiza para que a renovación ou obtención dos certificados de suficiencia que se ten que producir no ano 2021 poda ser pública e gratuíta?.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 17/09/2020 16:59:53

María do Carme González Iglesias na data 17/09/2020 16:59:56

Daniel Castro García na data 17/09/2020 17:00:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o cribado que a Xunta de Galiza vai realizar entre o persoal e persoas usuarias das residencias de maiores así como dos demais servizos dependentes da Consellaría de Política Social.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza anunciou o 10 de setembro que o Goberno galego realizará cada 15 días un cribado ao cento por cento do persoal das residencias de maiores e centros de discapacidade, tanto públicos como privados, para previr posíbeis gromos e repuntas da COVID-19. Así mesmo, tamén asegurou que se realizarán test aleatorios entre as persoas usuarias.

A medida foi anunciada após os contaxios masivos producidos nas residencias de maiores do Incio, Outeiro de Rei e Culleredo, especialmente, así como no centro para persoas con discapacidade da Coruña. Unha decisión que chega tarde e non só polos casos anteriormente citados senón porque inicialmente a Xunta de Galiza rexeitaba mesmo someter a probas PCR ao persoal das residencias de maiores que entraba traballar en substitución das traballadoras/es que estaban de vacacións.

Así as cousas, malia chegar con retraso, a medida permitiría actuar con anticipación e evitar que situacións como a do Incio e Outeiro de Rei se repitan noutros centros de maiores do noso país. Porén, hai outros servizos sociais que requirirían tamén dos mesmos controis e nos que, semella, non se van aplicar estas probas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É o caso dos centros de día, dos centros de menores ou do Servizo de Axuda no Fogar, por exemplo, que prestan servizo a poboación vulnerábel e colectivos de alto risco e nos que tamén debería levarse a cabo ese control periódico.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Comezou a Xunta de Galiza a realizar o cribado entre o persoal e persoas usuarias das residencias de maiores e centros de discapacidade?
- Que tipo de proba se realizará en cada caso?
- Por que non se desenvolve o mesmo control noutros servizos sociais nos que reciben atención persoas vulnerábeis e colectivos de alto risco?
- Pensa ampliar esta medida a Xunta de Galiza a todos os servizos dependentes de Política Social?
- E a outros como o ensino ou o persoal sanitario?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/09/2020 17:24:23



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: *“Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”*

E no artigo 105.1 establece: *“de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”*

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.

Pero a realidade é que os gobernos do partido popular na Xunta de Galicia nos últimos once anos ininterrompidamente nunca tiveron entre as súas prioridades acordar cos concellos e unha lei de financiamento local que acabe co raquitismo orzamentario das entidades locais nin a delimitación das competencias que cada administración debe exercer, así como o financiamento para poder levalas a cabo.



A antiga Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza conta dentro dos seus departamentos coa dirección xeral de Administración Local que, dentro das súas competencias está manter e fomentar as relacións coas corporacións locais, correspondéndolle tamén o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente, entre outras, á convocatoria e execución de liñas de subvención.

Os orzamentos correspondentes ao exercicio 2019 e aprobados polo Partido Popular no seo deste parlamento estableceron determinadas contías destinadas ás corporacións locais, ben a través de transferencias correntes ou como transferencias de capital; así dentro do programa 141A Administración local, as partidas 4610, 4611, 7602, 7610 e 7611 tiñan un crédito inicial total de 12.345.173 euros, que ao longo do exercicio se foi incrementando acadando un crédito vixente de 19.659.594,59 euros, poren as obrigas recoñecidas segundo a execución orzamentaria presentada pola Xunta de Galicia a 31 de decembro de 2019 son de tan só 10.791.347,74 euros.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego desta falta de execución orzamentaria que deixa os concellos galegos sen 8.868.246,85 euros?

2ª) Cales foron as razón que impediron executar estas partidas na súa totalidade?

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2020


Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/09/2020 16:49:41

Pablo Arangüena Fernández na data 17/09/2020 16:49:57

Paloma Castro Rey na data 17/09/2020 16:50:16





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

